

vilalba

Avanzan as obras da Casa Consistorial, a cargo do Goberno do Estado. **Páx. 3**

as pontes

O MIT entrega un premio a un proxecto de transición ecolóxica da localidade. **Páx. 6**

pol

Besteiro apoia a apertura do primeiro supermercado de titularidade municipal. **Páx. 20**

cospeito

O actor Luis Tosar recibe unha das mellas de Ouro ao Mérito nas Belas Artes. **Páx. 23**

deportes

O Castro FSF participará na fase final da Copa da Raíña por terceiro ano. **Páx. 30**

Unión social e política en apoio á sanidade pública



Friol e Vilalba ultiman as obras do PAI

Na capital comarcal xa abriu as súas portas mentres que na vila friolesa ultiman detalles. **Páx. 3 e 10**

Custoria do Territorio fai balance

Martiño Cabana describe os proxectos da asociación, que ten sede na Casa das Insuas. **Páx. 21**

A Deputación de Lugo inicia unha nova etapa

O PSOE propuxo a Carmen López, alcaldesa de Burela, como candidata á Presidencia. **Páx. 25**

Mulleres Rurais de Muras



Un colectivo de 25 persoas que loitan contra a despoboación. **Páx. 9**

Xoán Fórneas, actor



Este artista de Goberno vén de sacar o seu primeiro sinxelo, 'Ferido'. **Páx. 13**

Agro galego



Brais Álvarez encabeza a nova Secretaría de Acción Sindical do SLG. **Páx. 28**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

A U D Í F O N O S
**2ª UNIDADE CON UN
70% DE DESCONTO**

PROMOCIÓN VÁLIDA ATA Ó 31 DE XANEIRO



Vilalba 982 51 01 00
As Pontes 981 45 15 04

N.R.S. 6-77-000361 / 6-77-000332 • N.R.S. 6-75-000024 / 6-75-000170

NOVAS

vilalba

O Concello levará aos tribunais á Xunta polo financiamento do SAF

A alcaldesa do Concello de Vilalba, Marta Rouco, apoia a iniciativa anunciada polo presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), Alberto Varela, de levar á Xunta aos tribunais “polo infrafinanciamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)”. “Os concellos xa non podemos máis, a situación é de asfixia económica ao ter que asumir o financiamento do servizo, unha competencia que non nos corresponde”, sostén Marta Rouco. A Lei de Dependencia fixa as competencias do SAF nas comunidades autónomas, que deben financiarlo coa axuda do Goberno central. “En calquera caso, os concellos debemos xestionalo, pero non pagar o seu custo”, engade a alcaldesa.

No caso de Vilalba, o concello “destinou este ano a Axuda no Fogar máis de 3,4 millóns de euros. Conta con 140 traballadores e atende a máis de 310 veciños e veciñas de Vilalba (unhas 14.700 horas mensuais)”. “Son cifras de investimento por habitante moi por enriba das sete grandes cidades, e na nosa provincia só a capital, Lugo, destina máis de 3,4 millóns anuais ao servizo”, lembra Marta Rouco, que considera a situación “insostible; os concellos non poderán manter o SAF se non cambian as cousas urxentemente”. A Fegamp reclama de forma inmediata que a Xunta suba de 12 a 17 euros por hora a súa achega ao Servizo de Axuda no Fogar. De non ser así, levarán o caso ante a Xustiza.

Carlos Ares, Ángel Stanich e Puño Dragón únense ao cartel do FIV

O FIV de Vilalba comeza a coller ritmo de cara á súa edición de 2026, que se celebrará os días 24 e 25 de abril na capital chairega. A organización vén de completar o cartel. Así, aos grupos anunciados con anterioridade súmase agora Carlos Ares, artista revelación do pop folk español. É coñecido polo seu son orgánico e enérxico en directo, fusionando folk galego con electrónica e pop alternativo. Tamén estará Ángel Stanich, que é un cantautor español de rock alternativo e folk, coñecido polas súas letras surrealistas e a súa estética de perfil baixo.

Engaden a Puño Dragón, banda española de rock alternativo orixinaria de Asturias, formada en 2021 por músicos con experiencia previa (como Rafa Tarsicio de Tigra e Jano Díaz) que mesturan rock tradicional con sons modernos, creando un estilo único que describiron como “vellos pero modernos”. Ademais o programa inclúe a Rapa-riga DJ e Futuro Alcalde. O momento Fiver contará cos apartados FIV Stars e Karaoke con Esteban. Os primeiros confirmados foron LA M.O.D.A., Alcalá Norte, Repion, Celia Becks e Grande Osso.

Vilalba mobilízase por unha atención sanitaria “de calidade”

Vilalba acolleu hoxe, ás 12:00 horas, unha concentración diante do centro de saúde do municipio para reclamar unha atención sanitaria pública digna, de calidade e con persoal suficiente. A mobilización foi convocada polo Concello de Vilalba co consenso de todos os grupos políticos con representación na corporación municipal, deixando a un lado as cores políticas para facer unha chamada conxunta á cidadanía ante a situación crítica que atravesamos o servizo sanitario. A concentración desenvolveuse baixo o lema “Pola defensa do centro de saúde de Vilalba” e contou con arredor de 500 veciños e veciñas que quixeron amosar así a súa preocupación polo deterioro progresivo da atención sanitaria no municipio e o seu apoio a unha reivindicación que afecta ao conxunto da comarca. Durante o acto deuse lectura a un manifesto consensuado por todos os grupos políticos da corporación municipal, que foi lido por Benita Martínez, matrona do centro de saúde de Vilalba durante máis de 15 anos ata a súa xubilación, nun xesto cargado de simbolismo e recoñecemento ao persoal sanitario. Na declaración púxose de manifesto a grave situación que atravesamos o centro de saúde, onde na actualidade permanecen sen cubrir 4 dos 11 cupos médicos existentes, o que provoca que as ausencias por baixas, vacacións ou días libres non sexan substituídas, chegando a darse xornadas nas que só tres médicos atenden a toda a poboación adscrita. Esta situación vese agravada pola atención ao Punto de Atención Continuada (PAC), que atende tamén urxencias procedentes doutros concellos da contorna, incrementando a presión asistencial sen reforzo de persoal. O texto tamén recolleu a problemática existente en enfermería, coa



falta de substitucións, e a situación especialmente preocupante do servizo de pediatría, no que só un dos cupos permanece operativo. Ademais, denunciouse a perda progresiva de especialidades asistenciais fundamentais como oftalmoloxía, xinecoloxía ou reumatoloxía, minguando a carteira de servizos sanitarios dispoñibles para a veciñanza da comarca. Ao remate da concentración, a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, agradeceu “a resposta masiva da veciñanza, que hoxe volveu demostrar que Vilalba sabe unirse cando

se trata de defender un dereito fundamental como é a saúde”. Rouco destacou que “esta mobilización é froito do consenso, da responsabilidade institucional e da vontade de sumar forzas para conseguir solucións reais”. “A protesta unida e firme é a vía para que as administracións competentes tomen cartas no asunto”, sinalou a alcaldesa, quen insistiu en que “non estamos a pedir privilexios, senón unha atención sanitaria pública digna, acorde ás necesidades reais da poboación de Vilalba e da súa contorna”.

REFORMA NA ZONA DE PEDIATRÍA



A área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos presentou os novos espazos humanizados da área de Pediatría do centro de saúde de Vilalba, unha actuación orientada a mellorar a experiencia asistencial dos nenos e nenas, das súas familias e dos profesionais sanitarios a través da transformación artística, pedagóxica e funcional dos espazos.



Carballo & Otero CLÍNICA DEL PIE

- **PODOLOGÍA**
DEPORTIVA - INFANTIL
CIRUGÍA - DIABÉTICA
GERIÁTRICA - PLANTILLAS
- **ECOGRAFÍA**
- **TRATAMIENTOS CON LASER**
- **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**
- **ÚLCERAS**
ARTERIALES - VENOSAS

R.S. C-27-001184

Carballo & Otero
CLINICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO
DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

Campo de Puente, 20 Bº. Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65 • Urgencias: 609 72 97 12

Pedro Blanco supervisa as obras de modernización da Casa Consistorial

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, salientou en Vilalba o compromiso municipalista do Goberno de España no seu apoio aos concellos galegos para afrontar a mellora das súas infraestruturas, obras que en ocasións resultan complicadas de executar para as pequenas administracións polos seus custos e envergadura. O delegado supervisou os traballos que se levan a cabo na Casa do Concello de Vilalba coa súa alcaldesa, Marta Rouco, e a subdelegada en Lugo, Olimpia López.

Pedro Blanco puxo en valor ditas obras, para as que o Concello de Vilalba recibe do Goberno 943.000 euros, o 85% do total, que completa o propio consistorio. O edificio resultante pasará a ser eficiente enerxéticamente ao reducir nun 80% o seu consumo, mellorando as instalacións e abaratando custos para o municipio, que poderán ser destinados a outras partidas de eido social. Isto



lógase dotando de máis iluminación natural ao edificio, adquirindo tecnoloxía LED, mellorando a envolvente térmica e instalando placas solares fotovoltaicas, de xeito que se acada a autosuficiencia enerxética. Esta acción, impulsada polo Goberno a través do Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP) no seu apartado local, é unha das máis senlleiras en Vilalba, onde o Goberno destina en total máis de 8

millóns de euros para diversos traballos, que contemplan desde a dixitalización mediante o Programa UNICO Banda Ancha, a mellora do saneamento a través da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a renovación do alumado nas rúas coas axudas do IDAE ou a conservación do seu patrimonio servíndose das axudas aos Paradores. Esta última acción percibe para o de Vilalba máis dun millón de euros e atópase na súa fase final.

O programa Nais axudou en Vilalba a 40 mulleres durante o 2025

A Fundación María José Jove atendeu este ano a un total de 184 mulleres a través do seu programa Nais, unha iniciativa dirixida a apoiar a mulleres con fillos e fillas ao seu cargo que se atopan en situación de alta vulnerabilidade social. No caso concreto de Vilalba, participaron 40 mulleres.

No caso da localidade de Vilalba, o programa desenvólvese na Casa da Cultura grazas á colaboración do Concello. As usuarias, que son derivadas polos servizos sociais municipais, reciben unha atención integral

destinada a reducir o risco de desestruturación e mellorar o nivel de axuste sociofamiliar. Co respaldo da Xunta de Galicia e da Fundación Iberdrola España, o obxectivo de Nais é mellorar a capacitación profesional e a empregabilidade das mulleres participantes, contribuír a cubrir as necesidades básicas das súas familias, reducir o risco de pobreza e promover o benestar persoal, social, familiar e laboral das nais.

Para iso, este programa da Fundación María José Jove inclúe sesións semanais de formación e talleres

quincenais de conciliación dirixidos aos seus fillos e fillas. Cun equipo formado por educadores sociais, xestores especializados en mediación laboral, un psicólogo clínico e unha coordinadora, Nais ofrece asesoramento no acceso a recursos sociais e sanitarios; apoio no coidado de menores; mediación con entidades, empresas e particulares para a xeración de oportunidades laborais; formación orientada á inserción laboral; e coordinación cos profesionais educativos que acompañan aos menores.



Abre o seu punto de atención á infancia como reforzo á conciliación

O Concello puxo en funcionamento o novo Punto de Atención á Infancia (PAI), un servizo público dirixido a nenos e nenas de 0 a 3 anos que supón un paso moi importante na mellora da conciliación laboral e familiar no municipio.

A alcaldesa, Marta Rouco, e a concelleira de Educación, Paula Vigo, visitaron as instalacións coincidindo co seu primeiro día de actividade.

A posta en marcha do novo PAI é o resultado de meses de traballo, planificación e escoita activa das necesidades das familias vilalbesas, que viñan demandando máis recursos públicos para a atención á primeira infancia. O centro conta cun total de 20 prazas, que xa están cubertas, o que confirma a necesidade deste servizo.

“A apertura do Punto de Atención á Infancia era un obxectivo prioritario para este goberno e hoxe damos un paso moi importante para facelo realidade”, sinalou a alcaldesa, Marta Rouco, que destacou que “falamos dun servizo esencial para apoiar ás familias, facilitar a conciliación e contribuír a que Vilalba sexa un lugar no que se poida vivir e formar unha familia”.

Rouco subliñou tamén que “a aposta polos servizos públicos, especialmente os vinculados á infancia, é clave para fixar poboación e ofrecer igualdade de oportunidades”.

“Este PAI non é unha actuación illada, senón que forma parte dunha estratexia máis ampla que inclúe o reforzo do servizo de Madrugadores ou a xestión municipal do comedor da escola infantil”, engadiu.

A alcaldesa puxo en valor o traballo realizado nos últimos meses para facer posible a apertura do centro e reiterou o compromiso do goberno local coa conciliación laboral e familiar. “Seguiremos traballando para ampliar recursos e servizos que melloren a vida diaria das persoas e que fagan de Vilalba un concello con futuro”, concluíu.

Desde o Concello de Vilalba destacan que a posta en marcha do novo PAI supón un avance significativo na atención á infancia e no fortalecemento dos servizos públicos.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCHILLAS MAÍZ MODELO CORISTANCO



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

Goiriz acollerá a estrea poética de Valentín Sanjurjo

A parroquia vilalbesa de Goiriz converterase este mes nun punto de encontro para a cultura galega coa presentación do libro de poesía “Cousas contadas doutro xeito”, obra do autor Valentín Sanjurjo Blanco. A cita está prevista para o venres 23 de xaneiro ás 19:00 horas na Casa Escola Habanera, un edificio histórico recuperado para actividades sociais e creativas e moi vencellado á memoria colectiva da zona. O evento contará coa participación de Valentín García Gómez, secretario xeral de Política da Lingua, e de Sandra Vázquez Domínguez, directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, que acompañarán ao propio escritor nun diálogo aberto co público. Os organizadores explicaron que a intención é achegar a poesía a lectores habituais e tamén a persoas que se aproximan por primeira vez a este xénero, creando un ambiente próximo e participativo. A presentación completárase cunha actuación en directo de Manolo Couto, que dará a coñecer o seu traballo musical “EmiThor”.

Renovarán o vial que une Martiñán con Carballido

O Concello de Vilalba vén de anunciar a próxima renovación do vial municipal que comunica Martiñán con Carballido, unha actuación enmarcada na política de mellora das infraestruturas rurais e que contará cun investimento total de 10.772 euros. A obra ten como obxectivo principal mellorar a seguridade viaria e as condicións de circulación nunha vía de uso habitual tanto para a veciñanza como para a actividade agraria da zona. Segundo o previsto, os traballos darán comezo á altura da coñecida como Casilla, no cruce coa estrada nacional N-634, un punto de especial relevancia polo tránsito que soporta. Dende alí, procederase á renovación integral do firme ao longo do treito municipal.



A Xunta destacan o labor do Asilo co plan ‘Ningún maior só este Nadal’

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, destacou hoxe a importancia de que os centros residenciais fomenten actividades que favorezan a participación activa das persoas usuarias. Fíxoo durante unha visita ao Hospital Asilo de Vilalba, un dos centros no que se desenvolve a iniciativa Ningún maior só este Nadal da Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns de Iniciativa Social (Acolle) e que conta co apoio da Xunta. Antón Acevedo desexou ao persoal, usuarios e familiares do Hospital Asi-

lo unhas boas festas. Así mesmo, sinalou que a través deste tipo de propostas nas que xoga un papel moi importante o voluntariado, tamén se evitan situacións de soidade non desexada e sentimentos de illamento entre os maiores. Nesta liña, referiuse a outro programa que ten en marcha nestas datas a Xunta e que ten o mesmo obxectivo: Xuntos polo Nadal, que ten lugar desde mañá martes e ata o día 7 de xaneiro de 2026 nas Residencias de Tempo Libre de Panxón (Nigrán) e O Carballiño.

Óscar Puente pasa a presidir a directiva da asociación de Árbol

A Asociación Cultural e Deportiva de Árbol inicia unha nova etapa tras a renovación da súa directiva, un proceso que se foi xestando nas últimas semanas e que quedou formalizado o pasado 21 de decembro nunha asemblea extraordinaria da entidade. Segundo informou a propia asociación, a directiva fundadora comunicara na reunión ordinaria celebrada no mes de novembro a súa decisión de manter activas as actividades en marcha, pero coa intención de cesar nos seus cargos. Naquel encontro animaron aos socios e socias a dar

un paso adiante para garantir a continuidade da entidade e do seu labor cultural e deportivo na parroquia. Tras un período de reflexión, un grupo de catro persoas decidiu presentar unha candidatura para asumir a dirección da asociación, proposta que foi ratificada pola asemblea. Deste xeito, a nova directiva queda presidida por Óscar Puente, con Tamara Calaza como secretaria, Patricia Díaz como tesoreira e Marisol Morado como vogal. Desde a entidade quixeron expresar publicamente o seu agradecemento á directiva saínte polo traballo rea-

O Concello reforma a seguridade viaria co programa Appolo

O Concello de Vilalba puxo en marcha este mes o programa Appolo, unha ferramenta tecnolóxica que permitirá facilitar e modernizar o traballo diario da Policía Local, ao tempo que reforza a seguridade viaria e cidadá no municipio. Vilalba é un dos 40 concellos de Galicia que se adhíren a este sistema, integrándose no denominado cordón de seguridade policial, unha rede que mellora a coordinación entre administracións e corpos de seguridade, en especial coa Dirección Xeral de Tráfico (DXT). O programa Appolo permite integrar e xestionar cámaras de tráfico, controis de acceso e saída de aparcadoiros públicos e sistemas de videovixilancia. Ademais, constitúe unha completa aplicación de xestión policial, a través da cal organizar os cuadrantes de persoal, planificar tarefas e intervencións ou recibir e xestionar comunicacións de emerxencias do 112.

Un dos principais avances deste sistema é que, ademais das cámaras fixas instaladas na rúa da Pravia e o aparcadoiro subterráneo, os axentes da Policía Local disporán do programa Appolo nas tablets que empregarán no seu traballo diario. A través da cámara destes dispositivos poderán realizar as mesmas funcións que as cámaras de videovixilancia: lectura automática de matrículas, control do tempo de estacionamento e comprobación de que os vehículos contén coa documentación en vigor, como seguro ou ITV, entre outras. No caso da rúa da Pravia, as cámaras funcionarán mediante lector automático de matrículas. No aparcadoiro subterráneo, ademais desta función, o sistema estará programado para realizar comprobacións periódicas, permitindo detectar vehículos que superen o tempo máximo de estacionamento autorizado.



lizado ao longo de doce anos, unha etapa que cualifican de “fundamental” para o desenvolvemento cultural e social de Árbol. Grazas a ese esforzo, lembran, “puxéronse en marcha iniciativas pioneiras na parroquia, como o grupo musical Cerna de Árbol, a Escola de Teatro Borguete Teatro, a comparsa de Entroido, ademais de numerosos cursos, obradoiros e encontros cos socios”.

A nova directiva amosa a súa vontade de dar continuidade a ese legado, mantendo as actividades existentes e incorporando progresivamente novas propostas. Nos vindeiros días, a asociación prevé ofrecer máis información sobre os proxectos que marcarán esta nova etapa, ao tempo que agradece o apoio recibido por parte dos socios e da veciñanza e desexa un bo comezo de ano.



A Xunta aproba a construción do matadoiro de capón ecolóxico

A Xunta de Galicia acaba de dar luz verde ambiental á execución dunha nave industrial no polígono de Sete Pontes, en Vilalba, destinada a matadoiro de capóns e de polo ecolóxico, autorización supeditada, en todo caso, ao cumprimento das condicións incluídas nos distintos documentos emitidos no marco da tramitación do procedemento.

Segundo conclúe o informe de impacto ambiental (IIA) emitido pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, non son previsibles efectos adversos significativos derivados deste proxecto, sempre que se respecte tanto o recollido no documento ambiental e na restante documentación analizada como o condicionado que figura na propia resolución autonómica.

Neste sentido, o informe foi elaborado no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada desta iniciativa empresarial, un trámite no que a documentación presentada polo promotor —Caponcito SL— foi sometida a participación pública, sen que se recibise ningún escrito ou alegación ao respecto, ao tempo que foron consultados un total de nove organismos e entidades interesados.

Froito desas consultas, realizaron as valoracións correspondentes e estableceron condicionantes que se engaden aos incluídos no propio programa de vixilancia ambiental que recolle a resolución emitida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

O obxecto do proxecto avaliado é a execución dunha nave industrial no polígono vilalbés que se destinará a matadoiro de aves, concretamente, de capón de Vilalba con indicación xeográfica protexida (IXP) e polo ecolóxico. Contará con dúas plantas diferenciadas: unha baixa dedicada á



Trinta criadores estiveron na Feira do Capón

Vilalba celebrou o domingo 21 de decembro unha nova edición da Feira do Capón, unha das citas máis emblemáticas do calendario festivo e gastronómico galego, que volveu converter a capital chairega nun punto de encontro para milleiros de veciños, veciñas e visitantes chegados de distintos puntos.

A xornada desenvolveuse cunha gran afluencia de público dende primeira hora da mañá, confirmando o arraigamento dunha feira con case dous séculos de historia, e que para moitas xeracións de vilalbesas e vilalbeses marca tradicionalmente o inicio das festas de Nadal.

Un dos aspectos máis destacados desta edición foi a presenza de todos os criadores na feira, logo do

consenso acadado co Concello. Un acordo que permitiu garantir a dispoñibilidade de produto para as persoas que se achegaron á feira coa intención de mercar capón, reforzando así o sentido propio do certame. Na actualidade, Vilalba conta con 30 criadores, tres deles baixo a IXP Capón de Vilalba.

Durante o acto central da feira tivo lugar a entrega dos premios aos criadores, nunha cerimonia presentada polo xornalista Iván Calaza e resultando gañadores: Oliva Souto ao maior número de exemplares presentados e á mellor criadora, María José Castro ao mellor par de capóns e á mellor cesta e Luz Divina Castelo recibiu o seu recoñecemento como nova criadora.

matanza, cunha superficie construída de 693 m², e un primeiro andar, destinado a zona de oficinas e sala de formación, de 139 m². Existirá outra zona anexa de descarga e lavadoiro de camiós, de 310 m².

A capacidade produtiva instalada para o novo matadoiro en condicións

ideais é de 400 polos ecolóxicos/hora e 100 capóns/hora. A matanza máxima diaria será de 2,25 T/día de capóns e 3,9 T/día de polo ecolóxico aínda que cómpre ter en conta que o matadoiro traballará nunha quenda de traballo de 8 horas diarias, sendo 5 as horas útiles de matanza de aves.

EN BREVE



NADAL. O Centro Cultural e Recreativo arrancou unha nova etapa coa celebración do primeiro evento organizado pola recentemente renovada directiva, o sorteo da Cesta de Nadal, que se desenvolveu en formato bingo no Salón de Actos e contou coa participación de máis de 150 asistentes.



MONSEIVANE. O CEIP Monseivane de Lanzós levou a cabo durante este curso un proxecto educativo co que o alumnado recreou un gran mapa de Galicia no que se representan algúns dos monumentos, paisaxes, actividades tradicionais e elementos máis significativos do país.



POSTAIS. Fíxose entrega dos premios ás gañadoras e gañadores do concurso de postais de Nadal. Na infantil, o primeiro foi para Elena Lindín Bermúdez, seguida de Samuel Rojo Cabarcos e Sabela Pena Rouco. No grupo de primeiro a terceiro de Primaria, gañou Leo Paz Balsa, con Naira De Vicente Vázquez o e Mara Fernández Gacio. Na última categoría, Ivana Debasa González acadou o primeiro premio, mentres que Sofía Alvaríño Villares e Daniela Agrelo Ferreiro obtiveron o segundo e terceiro.



EXCLUSIVIDAD para la SALUD de tu SONRISA

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
 (Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!
 Lunes, miércoles y jueves:
 12:00 a 20:00 h
 Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

A Deputación iniciará a obra dun novo acceso directo desde a AG-64

A Deputación mellorará o trazado da estrada provincial DP 7703 de Medoñas a Ponte Souto en Aparral para convertela “nun novo acceso directo ao núcleo das Pontes desde a autovía AG-64 Ferrol-Vilalba, evitando así que o tráfico teña que atravesar o polígono industrial de Airios”. A obra dará comezo en 2026 e contará cun investimento de 1,1 millóns de euros, que xa están consignados nos orzamentos do próximo ano, tal e como o anunciou o presidente da Deputación da Coruña e alcalde das Pontes, Valentín González Formoso.

Formoso encargou aos técnicos de Vías e Obras da Deputación a redacción dun proxecto, que xa está moi avanzado, co obxecto de mellorar o trazado da estrada DP 7703, eliminando as curvas pronunciadas existentes nos primeiros quilómetros da vía e ampliando a súa plataforma ao longo de toda

a estrada, o que permitirá que o tráfico procedente da autovía poda circular en condicións de seguridade, evitando o paso pola estrada que atravesa o polígono industrial de Airios.

“O acceso actual causa problemas de seguridade vial nun polígono que ten unha elevada ocupación, con máis de 35 empresas instaladas e uns 400 traballadores que usan esta estrada a diario para os seus desprazamentos, ademais do tráfico pesado que soporta pola súa condición industrial”, explicara Formoso nunha visita técnica ao lugar, que considerou que “con este novo acceso este ás Pontes melloraremos a seguridade e fluidez do tráfico, evitaremos molestias aos empresarios que están alí instalados e melloraremos tamén a imaxe no acceso ao centro das Pontes desde a autovía, xa que non terá que facerse a través dun polígono”.

O MIT premia un proxecto de transición ecolóxica pontés

O Massachusetts Institute of Technology (MIT) outorgou o Leventhal City Prize ao proxecto *A cunca do río Eume: unha paisaxe enerxética*, unha iniciativa destinada a desenvolver modelos de transición enerxética ecolóxica, equilibrada e socialmente xusta no Concello das Pontes e no territorio da cunca do río Eume.

Este galardón, que por primeira vez se concede fóra dos Estados Unidos, supón un importante recoñecemento internacional ao papel das Pontes como referente en procesos de descarbonización e reconversión industrial.

O proxecto está liderado por Roi Salgueiro Barrio, arquitecto coruñés e profesor do MIT, xunto con Aurora Armental Ruíz e Stefano Ciurlo Walker, ambos pertencentes ao es-

tado compostelán Estar, e o enxeñeiro e fotógrafo de arquitectura Luís Díaz Díaz.

O seu desenvolvemento levarase a cabo en colaboración directa co Concello das Pontes e coa Deputación da Coruña, contando ademais coa participación da Fundación RIA, que asumirá tarefas de mediación e gobernanza territorial para garantir unha coordinación eficaz entre administracións, sectores produtivos, comunidades locais e entidades ambientais.

O premio permitirá financiar tres anos de traballo, nos que se realizarán labores de investigación aplicada, participación cidadá e prototipado de solucións enerxéticas.

A intervención centrarase no ámbito municipal das Pontes e na cunca do

río Eume, un territorio estratéxico para demostrar como se pode compatibilizar a produción de enerxías renovables coa preservación dos valores ecolóxicos, paisaxísticos e culturais, especialmente nun contexto tan singular como o do Parque Natural das Fragas do Eume.

A iniciativa desenvolverá un marco territorial para a implantación ordenada de enerxías renovables, buscando conciliar a produción eólica, solar e hidroeléctrica cun uso equilibrado do territorio. Ao mesmo tempo, impulsará tres proxectos piloto de xeración descentralizada que explorarán novas tecnoloxías a pequena escala baseadas en recursos locais, fáciles de manter e capaces de xerar impacto económico e tecnolóxico na contorna.

A Xunta inviste 240.000 euros do FCA en proxectos enerxéticos

A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, visitou o Concello das Pontes onde supervisou as actuacións acometidas con cargo á axuda do Fondo de Compensación Ambiental (FCA) da liña non competitiva concedida este ano pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Esta achega autonómica, que ascendeu a 239.936,26 euros, concedeuse para os proxectos de conservación da zona de servidume na ribeira dos ríos e do lago das Pontes e de eficiencia enerxética no alumeadado.

No caso do primeiro, incluíu a execución de actuacións de mellora do estado ambiental e funcionamento hidráulico das canles fluviais dentro da zona urbana do municipio -ríos Eume, Chamoselo, Brixeo e no regato dos Covelos- e do contorno do lago, co obxecto de acondicionar as



súa marxes mediante a limpeza de vexetación e a retirada de obstáculos como poden ser árbores desequilibradas próximas aos ríos.

Posteriormente, a delegada desprazouse ao Concello de Cedeira, outro dos municipios do ámbito territorial beneficiarios das axudas do Fondo de Compensación Ambiental, crea-

do para distribuír o canon eólico en beneficio da conservación e restauración da contorna, así como do reequilibrio territorial.

A delegada territorial lembrou que As Pontes e Cedeira son dous dos 11 municipios beneficiarios no 2025 da liña non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental.

PONTE RÍO CHAMOSO



O Concello rematou as obras de reparación da ponte do río Chamoselo, na Pedrafitá, na parroquia do Aparral, obra que estivo a cargo da empresa Gonnaba Construcciones y Reformas S.L. Este proxecto, cun orzamento de 96.110 euros, tiña como obxectivo dar resposta aos importantes danos estruturais provocados polas fortes precipitacións.



Polígono Industrial, Parcela 4 / Tfno.: 982 511 115
Rúa da Pravia, 25-27 / Tfno.: 982 510 055
Fax: 982 511 503
VILALBA - LUGO
fpuentes@infonegocio.com



Integrada en:



Grupo Alcongal



A Deputación colabora no 40 aniversario do Museo Etnográfico

O presidente da Deputación da Coruña e alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, e o presidente do padroado do Museo Etnográfico Monte Caxado, José María López Ferro, asinaron o convenio de colaboración polo que a institución provincial apoiará economicamente o programa de actividades co que o centro celebra o seu 40 aniversario. A achega da Deputación ascende a 15.538 euros, o que supón o 80 % do orzamento total previsto, que se sitúa en 19.423 euros. O convenio permitirá desenvolver un completo programa baixo o lema “40 aniversario do Museo Etnográfico Monte Caxado: memoria, patrimonio e comunidade”, centrado na conservación, divulgación e posta en valor da memoria colectiva das Pontes e da comarca do Eume.

Tras o acto, Formoso destacou que “o Museo Etnográfico Monte Caxado é un exemplo de como a defensa do patrimonio nace moitas veces do compromiso da xente e da comunidade educativa, e remata converténdose nun proxecto cultural de referencia para todo un territorio”. Neste sentido, subliñou que “desde a Deputación temos a obriga de apoiar iniciativas que preservan a memoria, fortalecen a identidade local e fan da cultura unha ferramenta



de cohesión social”.

Formoso destacou os “corenta anos de traballo rigoroso e profundamente ligado á historia recente das Pontes”, un concello que viviu intensos procesos de transformación asociados á industrialización e á explotación mineira.

O convenio asinado permitirá financiar dúas grandes liñas de actuación. A primeira delas é a edición dunha publicación especial conmemorativa do 40 aniversario, que recollerá a historia, evolución e impacto do museo ao longo destas catro décadas. O volume, realizado por José María López Ferro e cun prólogo do museólogo Felipe Senén, editarase cunha tirada de 3.000 exemplares e integrárase na colección Cadernos do MEMC,

consolidada como referente na divulgación da memoria etnográfica da comarca.

A segunda actuación céntrase na edición, conservación e difusión do fondo audiovisual do museo, composto por gravacións en formato VHS das décadas de 1980 e 1990 doadas pola veciñanza. Este material documenta festas, feiras, actos culturais, eventos institucionais e a vida social das Pontes durante un período clave da súa historia recente. O proxecto inclúe a edición e mellora técnica dos vídeos, a súa catalogación e a publicación progresiva nunha canle aberta, co obxectivo de garantir o acceso público e a conservación a longo prazo deste patrimonio audiovisual.

Os premios HUME 2025 destacan a investigación sobre a posguerra

A décima edición dos Premios de Investigación HUME 2025 saldouse cun destacado nivel dos traballos presentados e á apertura de novas liñas de estudo sobre as relacións entre o poder local e o Estado franquista, así como sobre a sociedade pontesa durante a posguerra.

O primeiro premio foi concedido a Gael Uxío Proupín Cantelar, natural de Brión (A Coruña), graduado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, con Máster en Historia Contemporánea e actualmente doutorando nesta mesma especialidade. O seu traballo, titulado *O exército negro da*

autarquía: corrupción, estraperlo e intervencionismo en As Pontes e Ortigueira, obtivo a máxima puntuación do xurado pola súa achega innovadora e polo marcado enfoque social da investigación.

O segundo premio recaeu en Juan Carlos Vázquez Arias, investigador de Pontedeume. O seu traballo, Creación do Concello nacional das Pontes de García Rodríguez (1936-1950), analiza a configuración dos primeiros concellos franquistas tras o desaloxo da corporación republicana e a sucesión dos distintos consellos municipais nos anos iniciais da ditadura.

O mural de Rodríguez Ces opta a ser o mellor do mundo

O mural realizado polo artista Delio Rodríguez Ces, que foi distinguido co segundo premio mundial no certame Best of September de Street Art Cities, foi seleccionado agora para alzarse como o mellor mural do mundo do 2025, un premio que xa obtivo o ano anterior outra peza de Fene.

A peza compite con outros 15 grafitis pintados en España, situados en Miranda de Ebro (Burgos), a cidade de Madrid, Alcalá de Henares e Fuenlabrada (Madrid), La Bañeza (León), Plasencia (Cáceres), Castiñeiro (Ourense), Markina-Xemein (Vizcaya), Fuente Obejuna (Córdoba), Linares (Jaén), Ponteareas (Pontevedra), e Cartagena e Moratalla (Murcia).

As votacións para escoller o mellor do mundo están abertas ata o día 31 de xaneiro a través de Instagram.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE

C/ Serra de Ancares, Avda. de A Coruña - Paradai, Lugo
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 340 m² **229.000 €**
En las proximidades de la muralla y muy cerca del edificio de la Xunta se vende dúplex de 240 m². En la planta baja se encuentra un gran salón, cocina con comedor, escaleras y un cuarto baño. En la planta superior hay cuatro dormitorios, dos baños, un hall, pasillo y una terraza amplia. Se vende totalmente amueblado. Incluye una plaza de garaje. Existe la opción de separar las dos plantas como pisos independientes que tienen referencia catastral distinta y puertas de acceso propias.

Calle de Galicia, Vilalba
Local | 112 m² **50.000 €**
Local de unos 110 metros cuadrados, a pie de calle. Está situado entre el centro y la zona escolar.

Calle da Pravia, Vilalba
Piso | 2 Dorm | 2 Baños | 81 m² **190.000 €**
En el centro de Vilalba, piso a estrenar de dos habitaciones y sala, dos baños y cocina. Completamente reformado. En el precio se incluye el mobiliario.

Calle Alcalde Fraga Bello, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 1 Baños | 105 m² **53.000 €**
Acogedor piso en pleno centro de Vilalba con todas las comodidades a tu alcance, ideal para familias que buscan comodidad y funcionalidad. Dos trasteros en el bajo cubierta. Posibilidad de adquirir en el mismo edificio un garaje independiente para dos coches. Buen estado, listo para habitar.

Calle Alcalde Fraga Bello, Vilalba
Terreno Urbano (solar) | 140 m² **70.000 €**
8 metros de fachada, se puede hacer sótano, bajo y 3 plantas más ático. Salida para la calle Alcalde Fraga Bello y para la calle Nevado Bouza.

Plaza San Juan, Vilalba
Local | 100 m² **5.000 €**
Se vende bajocubierta en edificio sito en Travesía de San Juan en Vilalba, existiendo posibilidad de dividirlo en varios trasteros sin mucha dificultad

Calle Nova, Vilalba
Edificio residencial | 408 m² **59.000 €**
Edificio en placa, bajo de 204 metros cuadrados y primera planta de la misma medida. La venta se realiza tal y como está para que la termine el comprador.

Avda. da Terra Cha, Vilalba
Terreno Urbano (solar) | 800 m² **130.000 €**
Se vende solar de 800 m², con 16 metros de fachada. La edificabilidad del mismo es bajo y cuatro plantas más ático. El solar también da a la calle que pasa por detrás, en concreto, la calle Mondoñedo.

Calle Rollo, Vilalba
Piso | 2 Dorm | 1 Baños | 63 m² **65.000 €**
Piso segundo sin ascensor, de dos dormitorios y sala, cocina, un baño y dos trasteros. El piso no dispone de calefacción y se vende con los muebles

Mourence s/n, Vilalba
Terreno / Urbanizable | 4.093 m² **21.000 €**
A escasos kilómetros del casco urbano de Vilalba se vende finca de unos 4000 metros cuadrados, en la que hay una construcción de 98 metros, que puede acondicionarse como vivienda. Dentro de la finca también hay restos de un antiguo horno.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso n° 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol n° 1.- 1° A.- 27002 (Lugo)
Tfños.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Aprobada en pleno a RPT do Concello pontés

O Pleno aprobou a primeira Relación de Postos de Traballo (RPT) da historia do municipio, marcando un momento histórico para a administración local. A RPT organiza a estrutura municipal, clarifica funcións e responsabilidades e garante unhas condicións laborais máis xustas para todo o persoal. Inclúe melloras salariais entre o 3,4% e o 6,6% e recoñece funcións que ata agora non estaban formalmente recollidas, asegurando unha distribución equilibrada e digna. Durante a sesión plenaria, a concelleira responsable de persoal, Ana Pena, destacou que “coa aprobación definitiva desta RPT cúmprese unha demanda histórica e reflicte o espírito de colaboración co per-

soal e os seus representantes, que participaron activamente na súa elaboración e revisión. É un día histórico para As Pontes: permite modernizar a administración, mellorar as condicións laborais e reforzar a calidade dos servizos á veciñanza”. A RPT inclúe o organigrama municipal actualizado, fichas descritivas de cada posto e unha valoración das funcións e responsabilidades, adaptando a administración ás necesidades actuais. Ana Pena engadiu que “esta ferramenta consolidará un cadro de persoal estable, profesionalizado e mellor organizado, garantindo que todos dispoñan dos recursos necesarios para desempeñar o seu labor con garantías”.

Tres meles da Terra Chá destacan na Cata da Casa do Mel das Pontes

A apicultura chairega volveu amosar o seu bo momento na XVIII edición da Cata da Casa do Mel de Goente, na que tres produtores da comarca acadaron os principais recoñecementos do certame. A convocatoria, que suma xa dezoito edicións, consolídase como unha referencia para poñer en valor a calidade do mel galego e o traballo do sector apícola. O primeiro premio absoluto foi para Manuel Fernández Riego, de Vilalba, mentres que o segundo galardón recaeu noutro produtor vilalbés, Iván Díaz Souto, presidente da asociación apícola Serra da Carba, con sede na capital chairega. Ademais, na categoría de meles monoflorais, o primeiro posto foi para Luís Pernas Lage, natural de Viveiro, aínda que coas colmeas asentadas no conce-



llo de Muras, o que reforza tamén a presenza da comarca neste apartado do concurso. Nesta edición participaron un total de once apicultores, unha cifra algo inferior á doutros anos. Para a asociación, esta redución responde aos

cambios introducidos nas bases do certame, que esixían unha maior cantidade de mel por participante co obxectivo de realizar unha selección máis rigorosa e contar con producións dun perfil, cando menos, semiprofesional.

A cheminea da central acada dous informes para a declaración BIC

A Plataforma en Defensa do Patrimonio Industrial anunciou que o expediente para a declaración da cheminea da central térmica como Ben de Interese Cultural xa conta cos dous informes preceptivos necesarios, ambos favorables, emitidos por órganos consultivos competentes. Isto supón un paso decisivo dentro do procedemento administrativo iniciado hai máis dun ano e que conta cun amplo respaldo social na vila. Segundo explica a Plataforma, de acordo coa Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dispón agora das ferramentas técnicas necesarias para resolver favorablemente a declaración, baseándose en criterios

obxectivos, contrastados e debidamente fundamentados. Desde o colectivo confían en que os criterios técnicos coincidan cos criterios políticos e que a resolución definitiva chegue á maior brevidade posible, ao tratarse dunha demanda sostida no tempo e apoiada por unha parte moi significativa da poboación das Pontes. A entidade destaca tamén que esta tramitación conta con apoios de institucións técnicas de ámbito estatal e internacional, así como co aval de dous informes de institucións consultivas acreditadas pola lexislación vixente. Para a Plataforma, a consecución destes informes favorables constitúe un fito colectivo, froito do

traballo rigoroso, da mobilización social e do compromiso coa defensa do patrimonio industrial local. Ao mesmo tempo, a Plataforma lembra que continúa activa a solicitude formal adicional para a incoación do expediente BIC do Parque de Carbóns e dunha unidade funcional representativa da Central, integrada pola torre de refrixeración, unha turbina e unha caldeira. Trátase, segundo subliñan, dunha petición baseada en demandas multisectoriais expertas e orientada a garantir a conservación, ou cando menos a avaliación técnica rigorosa, doutros elementos esenciais dun complexo industrial único e con potencial para diversos usos futuros.



Arranca a transformación do antigo economato en centro de investigación

Endesa iniciou as obras para converter o histórico economato do Poboado das Veigas nun laboratorio técnico, un proxecto co que se pretende rehabilitar un inmovible emblemático e darlle un novo uso vinculado á actividade industrial. A actuación conta cun investimento de 1,5 millóns de euros e permitirá recuperar un edificio construído hai 67 anos, que formou parte esencial

da vida social do poboado ao longo de décadas. No interior crearase unha distribución funcional adaptada ás novas necesidades. Habrá zonas pechadas destinadas á sala de balanzas e á sala de microscopía, así como áreas abertas concibidas como laboratorio de “oficio limpo”. O prazo de execución está previsto para o verán de 2026.

ATA O 8 DE MARZO
REBAIXAS

Descontos desde un 15% en toda a exposición.
Tamén en pedidos sen montaxe

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

PLAMOBLE

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

REBAIXAS

TEXAS

MODA JOVEN

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

Texas Moda Joven

A Mulleres Rurais de Muras sacan adiante o seu proxecto veciñal

A idea xurdiu da necesidade de ofrecer alternativas de lecer e formación nun concello marcado polo avellentamento e a dispersión xeográfica

Entre cadernos, ferramentas e moitas horas de traballo compartido, medra en Muras desde hai case oito anos unha iniciativa que se converteu nun referente de participación social e dinamización comunitaria. A Asociación de Mulleres Rurais de Muras botou a andar o 28 de outubro de 2018 cun obxectivo claro: crear un espazo de encontro para mulleres maiores de idade no que fomentar o desenvolvemento, a emancipación da muller e a promoción cultural, social e laboral así como a igualdade xurídica.

A idea xurdiu da necesidade de ofrecer alternativas de lecer e formación nun concello marcado polo avellentamento da poboación e pola dispersión xeográfica. Desde o inicio, a asociación apostou por promover actividades culturais, sociais e formativas que axudasen a combater o illamento e a fortalecer os lazos veciñais, sempre cunha perspectiva de igualdade e participación activa. Na actualidade, a asociación conta con 25 socias e, lonxe de estancarse, segue medrando, malia as dificultades propias dun municipio pequeno e envellecido. “O máis complicado é conseguir que a xente se anime e se implique”, recoñecen desde a directiva, “pero pouco a pouco imos gañando confianza e apoio”.

As actividades que se desenvolven están centradas, principalmente, nos obradoiros artesanais. Nestes momentos estase a impartir un curso de talla en madeira, dirixido por un artesán de recoñecido prestixio, Marcos Ladra. Trátase de formacións



de longa duración, que poden estenderse entre seis e sete meses, dependendo do orzamento dispoñible. A intención da asociación é ampliar a oferta e incorporar novos obradoiros, como cerámica ou outras disciplinas, pero a falta de recursos económicos limita as posibilidades. A pesar diso, as ideas non escasean. O problema é o financiamento. Actualmente, a asociación non conta con axudas estables doutras administracións, aínda que confía en poder recibir apoio no futuro tanto da Deputación como do Concello de Muras. “O Concello colabora con nós pero doutro xeito xa que os partidos da oposición no están polo labor de colaborar coa asociación”, explican desde a directiva. Mentres tanto, o funcionamento sostense grazas ás cotas anuais das socias e á organización de actividades como comidas populares, algunhas delas gratuítas para as integrantes da asociación, e

algunha viaxe.

A resposta da poboación está a ser, segundo explican, moi positiva. Os veciños colaboran, participan e amosan interese polas iniciativas que se propoñen. Ese apoio tradúcese en ánimo para seguir adiante. “Detrás de todo isto hai moito traballo e esforzo, pero facémolo con ilusión e satisfacción”, aseguran.

Facerse socia é sinxelo: abonda con achegar os datos persoais e pagar unha pequena cota anual. Cada ano incorpóranse novas mulleres, unha mostra de que o proxecto segue vivo e con futuro.

A Asociación de Mulleres Rurais de Muras é hoxe moito máis ca un colectivo. É un espazo de encontro, aprendizaxe e apoio mutuo que contribúe a manter viva a vida social do rural, demostrando que, mesmo con poucos medios, a vontade e o traballo en común poden xerar cambios reais na comunidade.

O Concello aumentará as axudas da luz tralo acordo con Iberdrola

O Concello de Muras incrementará as axudas municipais destinadas a aliviar o custo da factura eléctrica grazas a un acordo acadado con Iberdrola, que suporá tamén unha mellora significativa dos ingresos municipais. O pacto permitirá aumentar a contía que perciben os veciños e veciñas e consolidar un modelo pioneiro de retorno social da produción eólica no territorio. Muras é o municipio galego con maior número de parques eólicos, con vinte instalacións e máis de 380 aeroxeradores, e leva máis dunha década destinando fondos propios a subvencionar o recibo da luz da poboación empadroadada. Ata o de agora, as axudas tiñan un límite máximo de 700 euros anuais por persoa, cun investimento municipal duns 100.000 euros ao ano. Co novo acordo, esa limitación económica deixará de existir, o que permitirá incrementar a contía das axudas, que podería achegarse aos 900 euros anuais, aínda que a cifra definitiva aínda está pendente de concretar. Ademais, o Concello deixará de asumir con fondos propios o custo destas subvencións, o que suporá un aforro directo no seu orzamento anual.

En virtude do convenio, Iberdrola achegará 125.000 euros fixos ao ano ao Concello de Muras para financiar as axudas á electricidade, unha cantidade que se actualizará conforme ao IPC. A maiores, o goberno local percibirá o 2,5 % do valor da produción eléctrica do parque eólico que será repotenciado,

unha achega variable que se calculará anualmente e que non superará os 200.000 euros, ata un total de 14 millóns de euros na vida útil do parque.

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, destacou que se trata dun acordo “histórico”, xa que por primeira vez unha empresa eólica negocia directamente cun concello este tipo de compensacións, marcando un precedente no sector.

O acordo tamén inclúe novas liñas de apoio para pequenas e medianas empresas asentadas en Muras, que contan actualmente cunha axuda máxima de 1.500 euros anuais para o pago da luz, contía que poderá revisarse ao alza coa entrada en vigor do convenio.

A repotenciación do parque eólico suporá a redución dos 74 aeroxeradores actuais a tan só oito, aos que se sumarán outros tres no concello de Oulol, cun investimento estimado duns 43 millóns de euros. A pesar da diminución do número de muíños, manterase unha produción elevada grazas á nova tecnoloxía instalada.

Ademais das achegas económicas, o acordo recolle outras medidas complementarias, como a posibilidade de que a veciñanza acceda a bolsas da Fundación Iberdrola, a prioridade para que os propietarios recuperen terreos en desuso tras a repotenciación ou a cesión gratuíta de solos para usos agropecuarios. Tamén se contempla a reposición de camiños e pistas municipais unha vez rematadas as obras.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES 	TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS 	TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS TIMKEN BZ bezares S.A.	TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS  Milwaukee Nothing but HEAVY DUTY.	RYS SESACAR RECAMBIOS Y SUMINISTROS Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com
---	--	---	---	--

A segunda edición do Concurso de Tapas celebrarase do 16 ao 25

O Concello de Friol, en colaboración coa hostalaría local, organizará o II Concurso de Tapas, unha iniciativa gastronómica que se desenvolverá durante o mes de xaneiro de 2026 co obxectivo de converter a vila nun referente para os amantes da boa cociña. A proposta busca dar visibilidade aos establecementos hostaleiros do municipio, fomentar o consumo de produtos de proximidade e contribuír á dinamización social e económica de Friol. A cita terá lugar durante as fins de semana comprendidas entre os días 16 e 25 de xaneiro, período no que veciñanza e visitantes poderán percorrer os locais participantes para degustar tapas creadas expresamente para o concurso. As elaboracións combinarán tradición e innovación, facendo especial fincapé na calidade dos ingredientes e

na creatividade culinaria. O concurso desenvolverase en distintos horarios. Os venres 16 e 23, as tapas poderán degustarse entre as 19.00 e as 23.00 horas, mentres que os sábados 17 e 24 e os domingos 18 e 25 haberá servizo tanto ao mediodía, de 12.00 a 15.00 horas, como pola tarde-noite, de 19.00 a 23.00 horas. Coa finalidade de incentivar a participación do público, a organización estableceu varios premios para as persoas participantes. O primeiro premio consistirá nun lote de produtos valorado en 200 euros máis 300 euros en metálico; o segundo premio estará dotado con 200 euros en efectivo e unha visita para dúas persoas ao MEGA Museo Estrella Galicia; e o terceiro premio será de 100 euros en metálico.

Supervisan a obra que convertirá o antigo PAI nunha escola infantil

A Xunta avanza nas obras de acondicionamento e rehabilitación enerxética dun edificio en Friol que permitirá converter o Punto de Atención á Infancia (PAI) nunha escola infantil, ampliando tanto a capacidade como os servizos. A Consellería de Política Social e Igualdade asume o 90% do orzamento, achegando ao Concello máis de 220.000 euros para esta actuación, financiada con fondos europeos do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR). O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, comprobou a marcha dos traballos, que se executan nunha zona en desuso anexa ás instalacións actuais, ás que se conectará polo interior. Sinalou que están próximos a rematar e, con iso, sumaranse case 200 metros cadrados e 20 prazas, ata poder acoller a 51 nenos e nenas de 0 a 3 anos. A intervención incluíu a mellora da envoltente térmica da fachada e a substitución completa da cuberta



e das carpintarías por outras máis eficientes desde o punto de vista enerxético. No exterior tamén se habilitou unha zona de xogos con pavimento de caucho. As actuacións no interior consistiron na execución das instalacións de fontanería e saneamento, dous baños para uso infantil, a distribución de estancias e os acabados, con pavimento vinílico antideslizante, falsos teitos, sistema de protección

de incendios, pintado, iluminación e calefacción por solo radiante, entre outros. Arias subliñou que “é unha satisfacción que en concellos rurais como o de Friol exista demanda para ampliar os servizos de atención á infancia”, e destacou o respaldo do Goberno galego “para dar resposta a esta necesidade e contribuír a que o municipio sega medrando co asentamento de poboación moza”.

EN BREVE



GANDARÍA. Os deputados do Grupo Popular Enrique Barreiro, Nicole Grueira e Raquel Arias visitaron a explotación gandeira de Lácteos Conchy en Friol, “unha mostra do impulso que a Xunta está a dar á remuda xeracional no sector agrogandeiro galego, destinando este ano 36 millóns de euros en axudas para facilitar a incorporación de mozos ao agro”.



CALENDARIO. Un ano máis, o Concello de Friol elaborou un calendario do 2026 para repartir entre os veciños da localidade e no que se recollen imaxes vinculadas ao termo municipal. Nesta ocasión está composto por imaxes dos diferentes eventos, actividades e celebracións que enchen de vida o termo municipal durante todo o ano.



O Concello remata a obra de mellora dos accesos a Carballoso

O Concello rematou as obras de mellora dos accesos ao núcleo de Carballoso, unha actuación que supón un avance na seguridade viaria e na calidade das infraestruturas do medio rural. A intervención permitiu renovar e acondicionar os camiños existentes, mellorando de forma notable as condicións de circulación e o acceso ás vivendas da zona. O proxecto foi financiado pola Consellería do Medio Rural e executado pola empresa pública Tragsa, cun investimento total de 63.980,56 euros. As actuacións realizadas contribúen a reforzar a conectividade do núcleo, facilitando o tránsito de vehículos e ofrecendo unhas condicións máis seguras e confortables para a veci-

ñanza. O alcalde salientou que esta intervención respondía a unha necesidade evidente, debido ao desgaste que presentaba esta vía de comunicación no lugar de Carballoso, e subliñou a importancia de continuar investindo en infraestruturas rurais como elemento clave para garantir servizos de calidade e favorecer a fixación de poboación no concello. Desde o Concello expresan o seu agradecemento á Consellería do Medio Rural polo apoio prestado e ao persoal de Tragsa, reafirmando ao mesmo tempo o compromiso municipal coa mellora continua das infraestruturas e co desenvolvemento sostible do rural.

Os catro museos provinciais pechan o ano 2025 cun récord de visitantes

A Rede Museística Provincial pechou o 2025 cun balance claramente positivo tras rexistrar un total de 75.278 visitas, unha cifra que supera os datos do ano anterior e confirma un crecemento sostido na participación e na diversidade de públicos. Este incremento reflicte a consolidación dun modelo de museos abertos, de proximidade e cun marcado carácter social, cada vez máis integrado no territorio e na vida comunitaria. Ao longo do ano, os museos da rede recibiron visitantes de todas as idades e procedencias, con presenza de público chegado de toda Galicia, do conxunto do Estado e de máis de corenta países. En total, 9.188 persoas procedentes do estranxeiro achegáronse aos museos da Rede Museística Provincial de Lugo, con visitantes chegados de máis de cen países, o que sitúa estes espazos culturais como referentes tamén no ámbito internacional. Estes datos confirman o papel dos museos como espazos vivos e habitados, conectados coa comunidade e coa realidade social, nos que as cifras non se interpretan só como estatísticas, senón como dereitos culturais exercidos, encontros colectivos, aprendizaxes compartidas e futuro construído de maneira común.

Avanza a obra da residencia de maiores, que terá 44 prazas

A futura residencia de maiores municipal de Abadín encóntrase xa na recta final da súa construción, cunhas obras que avanza a bo ritmo e que permitirán poñer a disposición do concello un total de 44 prazas de atención residencial. A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, visitou o proxecto acompañada polo alcalde, José María López, para comprobar sobre o terreo o estado dos traballos, aos que a Xunta de Galicia achega 1,2 millóns de euros.

A actuación céntrase na rehabilita-

ción e ampliación do edificio do antigo colexio infantil do municipio, que permanecía en desuso, co obxectivo de transformalo nun centro residencial para persoas maiores. O inmoble contará con arredor de vinte habitacións distribuídas en dúas plantas de uso, ademais dunha construción anexa conectada ao edificio principal. O investimento total da actuación ascende a 2,3 millóns de euros, dos cales a Xunta financia a contía máxima permitida.

Este proxecto enmárcase no Plan de investimentos impulsado polo

Goberno galego para apoiar unha vintena de iniciativas municipais de construción, reforma ou ampliación de residencias, centros de día, vivendas comunitarias e centros sociais. O plan conta cun orzamento global de 18 millóns de euros procedentes dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia e foi acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias. A súa finalidade principal é reforzar a atención ás persoas maiores, especialmente no ámbito rural, mediante a creación de novos recur-



sos de proximidade.

Durante a visita, a conselleira puxo en valor o carácter histórico deste plan, tanto pola modernización das infraestruturas como pola creación de 560 novas prazas públicas de atención residencial e outras 115

de atención diúrna. Ademais, lembrou o compromiso da Xunta de seguir fortalecendo a rede autonómica de atención residencial coa posta en marcha de máis de 3.500 novas prazas ao longo da actual lexislatura.

Complétase a renovación integral dos vestiarios do campo de fútbol

O Concello vén de rematar a renovación integral dos vestiarios do campo de fútbol municipal, unha actuación coa que se continúa a mellorar as instalacións deportivas apostando polo confort das persoas usuarias, a eficiencia enerxética e o uso responsable dos recursos públicos.

Os traballos incluíron a instalación dun novo sistema de auga quente independente para os vestiarios de equipos locais, visitantes e árbitros, o que permite ofrecer un mellor servizo e un maior control do consumo. Ademais, cada vestiario conta agora cun sistema de climatización individual, mellorando de forma notable as condicións de uso tanto no inverno como no verán.

A intervención contemplou tamén diversas melloras estruturais e de



servizos. Renováronse a cantina e o aseo do público mediante a colocación de chapa sándwich, incrementando o illamento térmico e a eficiencia enerxética do conxunto. Do mesmo xeito, instaláronse novas duchas con pulsador para favorecer

o aforro de auga, así como novos aseos nos vestiarios.

Con estas actuacións, o Concello reforza o seu compromiso cun deporte de calidade, con instalacións modernas e funcionais, e cunha xestión responsable e sostible.

Vilarente prepárase para celebrar o Entroido 2026

A localidade de Vilarente, en Abadín, celebrará o Entroido o vindeiro 14 de febreiro cunha xornada festiva pensada para todos os públicos, que terá lugar nun campo cuberto con carpa e calefacción para garantir o confort das persoas asistentes.

A programación dará comezo ás 13.00 horas cunha sesión vermú amenizada pola música de Lucía Nieto. Xa ás 15.00 horas celebrase o xantar popular, cun cocido completo que incluíra sopa de cocido, prato principal, sobremesa, café, licores e bebida, elaborado por Chao de Brea.

O Entroido de Vilarente contará tamén con premios para os mellores disfraces, ademais de sorteos, baile, cea e outras sorpresas ao longo

da xornada, converténdose nunha cita destacada do calendario festivo da comarca.

O prezo do menú será de 35 euros para persoas adultas, gratuito para menores de 5 anos e de 15 euros para nenos e nenas de entre 5 e 12 anos. As persoas interesadas en participar deberán anotarse antes do 7 de febreiro con Miguel (667 495 455), Lucía (627 725 544), Marcos (669 227 163) e Silvia (666 314 053).

A festa está organizada pola Asociación de Veciños San Xoán de Vilarente e conta coa colaboración do Concello de Abadín. Para realizar as reservas pódese contactar con Miguel, Lucía, Marcos ou Silvia nos teléfonos habilitados pola organización.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993



Piensos Fulgencio gaña o I Concurso de Escaparates

O establecemento comercial Piensos Fulgencio, situado no Parque Empresarial de Castro Ribeiras de Lea e dedicado á venda de alimentación para animais e produtos para o rural e o xardín, resultou gañador do I Concurso de Escaparates de Nadal. O segundo premio foi para o establecemento Cousas, situado na avenida de Terra Chá de Castro Ribeiras de

Lea, dedicado á venda de libros, material escolar, xoguetes e artigos de regalo e escritorio. O terceiro posto correspondeu a Filme Fotografía. Os establecementos gañadores recibirán un premio económico por parte do Concello, consistente en 500 euros para o primeiro clasificado, 300 euros para o segundo e 180 euros para o terceiro.

CASTRO DE VILADONGA



O Museo do Castro de Viladonga acolle ata o 31 de xaneiro a exposición *25 anos da declaración da Muralla de Lugo Patrimonio da Humanidade*. A proposta foi realizada en colaboración co Museo da Domus do Mitreo, do Campus de Lugo da USC, e ten por obxecto difundir o extraordinario valor histórico, cultural e social do Monumento,.

Rematan os traballos dunha nova ruta de sendeirismo histórica

O Concello de Castro de Rei executou o proxecto de creación da ruta de sendeirismo Camiño Rexio e a sinalización dos elementos máis representativos, unha nova ruta de sendeirismo que segue o itinerario da antiga vía de peregrinación a Santiago denominada Vía Rexia. O percorrido desta ruta é duns 15 kilómetros e discorre polas inmediacións do Castro de Viladonga, preto da igrexa desta parroquia e do barrio do Curro, pola Ponte do Busto, Os Paraños, O Vilar, a Fonte da Virxe de Duancos, a Fonte e Casa de Canaval en Duancos, e Orizón. A ruta mantense, na súa maior parte, sobre camiños históricos asfaltados, polo

que o proxecto centrouse na mellora da seguridade para os viandantes e na correcta sinalización dos puntos máis relevantes do trazado. Leváronse a cabo diferentes intervencións, como a adecuación de camiños municipais para uso peonil, incluíndo a limpeza de sendeiros en desuso e a recuperación de tramos tradicionais. Os traballos realizados no marco do citado convenio consistiron tamén na recuperación de zonas de paso, na sinalización de cruces e desvío da ruta (para o que se colocaron 120 frechas indicativas), na colocación de 5 paneis informativos de bens patrimoniais (capela de San Amaro en Ludrio, Fonte de Cana-

val en Duancos, Fonte da Virxe en Duancos e igrexas parroquiais de Mondriz e Ludrio), na instalación dun panel indicativo ó inicio da ruta e no deseño da ruta e creación dos contidos dos paneis. Trátase dunha actuación coa que se acadou o propósito de poñer en valor e conservar os elementos patrimoniais, etnográficos e históricos de Castro de Rei coa posta en valor deste camiño de peregrinación cara a Santiago. A ruta atravesa o municipio de nordeste a sueste, aproximándose ao límite co Concello de Pol, desde onde procede a antiga vía de peregrinación, e finalizando no límite co Concello de Lugo.

Rehabilitada a Escola de Goberno

A Asociación de Veciños de Goberno celebrou a reinauguración da Antiga Escola de Goberno, tras rematar as obras de mellora realizadas nos últimos meses no inmovible, que permitiron recuperar e poñer en valor este espazo emblemático da parroquia. Os traballos foron posibles grazas a unha subvención da Xunta de Galicia de 11.997 euros, concedida na edición de 2025 das axudas destinadas a asociacións. Con este financiamento leváronse a cabo diversas actuacións orientadas tanto á mellora estética como funcional do edificio. Entre as intervencións realizadas destacan a eliminación do cal branco das paredes interiores para deixar a pedra vista, a instalación dun novo teito de escaiola e a renovación de portas e fiestras. Tamén



se actuou no exterior, coa mellora e ampliación do acceso á escola, que anteriormente resultaba esvaradío en días de choiva debido ao tipo de pedra existente, así como coa construción dunha beirarrúa ao redor do edificio. Ademais, executouse un sistema de drenaxe perimetral para evitar

problemas de humidades, outra das principais deficiencias que presentaba o inmovible. A estas melloras sumouse a colaboración da Comunidade de Montes, que asumiu o cambio e correcta colocación dos canlóns, mentres que o Concello completou a actuación coa habilitación dun aparcadoiro nas inmediacións.

A auga da rede volve ser apta para o consumo

O Concello de Castro de Rei informou de que, segundo as últimas analíticas realizadas na auga de consumo da rede de abastecemento da Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de Quintela, a auga é apta para o consumo humano. As análises confirman a calidade da auga subministrada ás parroquias abastecidas por esta estación, entre as que se atopan Pacios, Outeiro, Bazar, Coea, Quintela, Bendia,

Matodoso, Triabá, San Xiao de Mos, Ribeiras de Lea, Castro de Ribeiras de Lea, Duarría, Loentia e Mondriz. En consecuencia, quedan sen efecto as recomendacións preventivas que foran adoptadas o pasado 31 de xullo de 2025. Dende este momento, a veciñanza destas parroquias pode empregar a auga da traída municipal para todos os usos habituais, incluído o consumo humano, con absoluta normalidade.





Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 • VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200
SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

“A miña carreira dá credibilidade, pero eu era músico antes de ser actor”

O actor Xoán Fórneas vén de sacar o seu primeiro sinxelo, ‘Ferido’, co que amplía a súa traxectoria

Jessica Fernández

Cando se deu conta de que quería ser actor?

É unha cousa que sentín xa desde moi pequeno, desde o lúdico. Os ingleses para dicir que interpretan un papel, din ‘play a rol’, é dicir, xogan un rol, e eu penso que no meu caso xa vén da infancia, cando me inventaba que era outra persoa. Aí nace unha paixón de canalizar emocións e comunicarme co público. Eu penso que o punto de inflexión foi no colexio das Gándaras, xa que a profesora de Relixión, Elvira Cerdeira, organizaba un Belén Vivente e íamos disfrazados de personaxes, e eu lembro que nos gravaron en vídeo e despois nolo ensinaron na televisión que había na Biblioteca e gustoume verme representado. Así, foi crecendo o meu amor pola interpretación, no cole, no que había festivais, e gustábame iso. Lembro verme nesas gravacións e eu sentía que quería facer iso.

Como foron os primeiros pasos no mundo da interpretación?

No instituto formamos un grupo de teatro afeccionado fóra das horas de clase e incluso fixemos unha obra que mandamos a un concurso e chamáronnos para representala noutros sitios. Como eu tiña esa inquietude coa música e o teatro, apunteime á Escola de Teatro Palimoco e Pomba Luxilde axudoume a preparar as probas de acceso á Real Escola de Arte Dramático de Madrid. Tiven que negociar coa miña nai, porque eu fixen o bacharelato de Ciencias e, en principio, ía estudar Enfermería, pero como a cousa estaba mal en todos os sectores laborais nesa época, díxenlle á miña nai que ía estudar teatro, e se non conseguía nada nese mundo, estudaría Enfermería. Así, aprobei as probas de acceso á Escola e estiven catro anos estudando. Porén, as escolas públicas de Arte Dramático, a pesar de ter unhas boas instalacións, están moi desconectadas de como funciona o mundo real laboral. Cando saín da escola non sabía que facer, xa que non te explican a onde tes que ir, como buscar a un representante, como pasar un casting... que ao final son cousas básicas se queres vivir disto. Así que estiven uns meses perdido en Madrid ata que tiven a sorte de que se convocou un casting dunha serie para Televisión de Galicia da serie ‘Dalia a modista’, producida por unha produtora na que estaba unha rapaza que coñecía de antes, xa que de pequeno participei nalgún programa de televisión, e que me mandou a información. Fixen o casting e colléronme. Foi a miña primeira serie, na que me nominaron aos Mestre Mateo



e iso abriume paso para facer outra serie. Con esa serie, conseguín unha representante que me conseguiu un papel na serie ‘Acacias’, que me puxo na roda e deume a coñecer.

Cales son os papeis que máis lle gustou facer?

Os que máis me gustaron interpretar son Castelao e Quique en ‘Respira’, sobre todo porque están moi ben construídos. Como actor, tes cousas ás que agarrarte. Pero sempre digo que todo o que fun facendo servíame de aprendizaxe para os seguintes. Todos os personaxes te van levando ao actor que es hoxe.

Interpretar a Quique foi un gran proceso de aprendizaxe, non?

Sen dúbida. Para min, primeiro, foi unha gran oportunidade poder formar parte, como un dos actores protagonistas, nunha serie dunha plataforma tan coñecida. E con respecto a Quique, é un personaxe moi contradictorio, e iso é interesante, porque, por unha parte, ten vocación de salvar vidas e, por outro, está poñendo a súa vida e a dos demais en risco. Ao principio, o personaxe en guión era unha persoa máis complicada, atormentada, pero eu quería interpretalo dunha maneira máis torpe, que non ve as consecuencias dos seus actos. Interpretando este papel desfrutei e aprendín moitísimo, sobre todo grazas a un equipo increíble. Agradezo que os guionistas, produtores, directores, equipo técnico... tomaran en conta a miña visión do personaxe ao darlle vida ao que eles pensaron e escribiron; déronme moita liberdade creativa.

Como é traballar con actores e actrices da talla de Blanca Suárez, Aitana Sánchez-Gijón, Manu Ríos, Najwa Nimri...?

Hai que levalo coa máxima normalidade posible e darse de conta de que isto é o meu traballo e ao que me dedico. Refrómeme, eu tamén fun fan deses actores e partía des-

de un punto de admiración cara a eles, pero cando vas traballar, tes que deixar iso a un lado e atender o teu traballo, dándolle vida a un personaxe nunha serie, neste caso. Creo que todo artista pasou por esa etapa do síndrome do impostor, pero hai que ir aprendendo e agora non estou nesa fase. Por outro lado, a imaxe pública non nos pertence; nós seguimos sendo nós, pero ao ter unha presenza pública, a xente venos dunha forma que é como se existisen dous Xoán, un o de sempre, e outro que é o que agora é coñecido. E aos actores máis coñecidos pasarlles o mesmo. Ao final, son traballadores contratados para facer un labor e hai unha exposición pública que implica un efecto no espectador, pero a xente máis grande neste mundo é a máis normal e a que menos “tontería” ten. Ao final, a todos nos custa chegar a onde estamos e sabes que este traballo é fráxil, polo que hai que ser moi serio e facer ben o teu traballo. A xente máis mediocre é quen o ten máis crido, e por iso tampouco chega a máis. Hai un dito dunha serie que di “o importante de Puente Viejo non es ti, é Puente Viejo”, e basicamente niso consiste o mundo do cine. Os proxectos teñen que funcionar, e iso non se basea só en quen saia, senón no guión, na produción, o equipo, etc.

Falando con María Vázquez, comentaba que quizais hai unha percepción distorsionada do sector.

Si, concordo con ela, que ademais é unha actriz á que admiro moitísimo. Realmente, o problema é que en Madrid, que é unha cidade que me encanta, hai moito talento, pero tamén moita “borralla”. Eu creo que, ás veces, dáselle moito pulo a xente ou proxectos de arte que non son tal, e iso tamén é así debido á prensa e ás redes sociais. A arte ten que perdurar no tempo e a fama que ten

algunha xente é fugaz. Eu creo que teño talento e que teño a capacidade de ver o talento nos demais, pero estamos moi condicionados polos cartos, a moda, etc. Entón, cando chegas a un punto álxido na túa carreira, tes que pararte, seguir traballando duro e non deixarte levar por esa “fama” instantánea que te pode nubrar.

É dicir, estar cos pés na terra. E, falando diso, vostede leva a súa por onde vai. É máis, a pesar de ter vivido en Madrid moitos anos, quixo facer esta entrevista en galego.

O galego é a miña lingua materna e, ademais, tendo en conta a situación de diglosia que se vive en Galicia e que o galego é unha lingua minorizada, eu creo que debe ocupar un espazo forte a nivel social e debemos conservalo, porque, como dicía Castelao, algo así como que o idioma é o Santo Grial do pobo, a maior expresión da cultura dun pobo, e o galego é un idioma único. E por iso tamén tomo a decisión de facer a miña música en galego e oxalá que guste máis alá de Galicia.

Vostede protagoniza a película sobre Castelao ‘Antes de nós’. Como valora esta experiencia?

Eu non ía facer o papel de Castelao, pero ao actor protagonista saíulle outro proxecto e a directora, que coñecía o meu traballo, decidiu que fose eu Castelao. Había responsabilidade, medo a fallar e a equivocarse, pero sentíame preparado para facelo e ademais estiven moi ben rodeado. Foron moitos días de moito traballo, moito ensaio coas lingüistas e co resto do equipo para montar a cabalo, etc. Pero encantoume. Gústame ser actor por isto, pola complexidade de construír un personaxe.

Como foi o proceso de dar o paso a meterse no mundo da música?

Creo que o primeiro que me axudou a dar ese paso foi saír de Madrid, porque me condicionaba, pero eu xa sentía esa inquietude de sacar a miña música e en galego. Ao vir a Galicia seguía sentindo ese medo a que non gustase, pero prefería iso que arrepentirme de non facelo. En verdade, foi un proceso duro porque estaba eu só, a miña carreira como actor dá credibilidade, pero realmente eu era músico antes de actor, entón era algo que tiña que xurdir. Afortunadamente, estame indo moi ben e iso anímame a seguir.

Fálemos do videoclip, que está gravado en Castro de Rei.

Si, de onde son os meus avós. Eu tiña unha idea creativa, pero tratei de unir un equipo que me axudase a poñer en pé todo o que eu quería facer. Así, preparamos tamén unhas pezas para redes sociais nas que integramos aos patrocinadores, negocios locais que fixeron posible este sinxelo e quería devolverlles o seu apoio. Eu quería lanzar música pero sen renunciar ao que eu son, porque foron unha especie de microdramas que avanzaban de que ía ‘Ferido’, e tamén como forma de promocionar a canción. No videoclip represéntase como unha lenda na que unhas meigas curan un corazón roto de amor afumándoo, como un botelo. Así, as meigas curan corazóns feridos polo desamor como un ritual de curación para que a dor transcenda e poidamos celebrar que estamos vivos. Paréceme importante mostrar que a dor é parte da vida e tamén que te vas curar. Cando ti estás ferido, non o ves, pero isto vai pasar nalgún momento, e mentres temos que deixar que saia fóra.

Cales son os proxectos de futuro?

Agora mesmo estou rodando unha serie para Atresplayer cunha produtora de Galicia e quero seguir en proxectos do mundo audiovisual, e á vez, quero seguir traballando creando música en galego. A idea é sacar máis cancións en 2026.

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

O Pleno dá luz verde á modificación da ordenanza sobre o tratamento de lixo

O Concello celebrou o segundo pleno extraordinario do mes de decembro, no que se abordou a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos.

A proposta foi sometida a votación tras completar o correspondente período de tramitación administrativa e quedou aprobada definitivamente co apoio do grupo municipal do PSOE. Pola súa banda, o BNG optou pola abstención, mentres que o Partido Popular votou en contra da modificación da ordenanza.

Con este acordo, o Concello pecha o proceso de actualización desta taxa, que regula o financiamento do servizo de recollida e tratamento dos residuos urbanos, un dos servizos básicos que se prestan á cidadanía.

Un investimento permitirá crear e identificar refuxios climáticos

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, avanzou hoxe que a comezos de 2026 a Xunta de Galicia convocará unha orde de axudas que financiará con ata 60.000 euros proxectos municipais destinados a identificar e crear refuxios climáticos.

Segundo dixo a conselleira en Guitiriz, trátase da segunda convocatoria das axudas dirixidas a apoiar os concellos na posta en marcha en espazos urbanos e periurbanos de intervencións baseadas na natureza e no aproveitamento dos seus recursos para prever e adaptarse ao cambio climático, que conta cun orzamento inicial estimado que rolda os 2 millóns de euros.

O obxectivo é incrementar a biodiversidade deste tipo de zonas, mellorar a súa conservación, favorecer a



adaptación ao cambio climático, mellorar a calidade ambiental e crear espazos máis saudables. E, por outra banda, colaborar cos concellos nas accións para localizar e habilitar refuxios climáticos que, como explicou a conselleira, son aqueles espazos con condicións ambientais favorables e cunha relativa estabilidade que os

fan idóneos para combater as altas temperaturas.

En concreto, Ángeles Vázquez explicou que esta axuda cubrirá o 80% dos custos dos proxectos presentados de forma individual por calquera concello cun límite de 60.000 euros por proxecto e un máximo de tres solicitudes por cada entidade local.

Polo tanto, segundo salientou Ángeles Vázquez, un concello podería obter ata 180.000 euros de financiamento en caso de presentar tres proxectos e obter a máxima contía subvencionable.

Logo de indicar que as actuacións subvencionadas poderán executarse ata o 30 de novembro do vindeiro ano e xustificarse ata o 9 de decembro de 2026, a conselleira puxo en valor a boa acollida que tiveron estas axudas na súa primeira convocatoria. En total, concedéronse 42 achegas a 35 concellos por un importe global de 2 millóns de euros.

De feito, a actuación que visitou hoxe a conselleira en Guitiriz recibiu unha axuda de máis de 31.000 euros nesa primeira convocatoria. Trátase da reparación de cinco pontellas de madeira na Ruta da auga para mellorar a conectividade e seguridade deste percorrido de sendeirismo de 20 quilómetros de lonxitude que une a ponte de San Alberto coa carballeira de Pardiñas, ao carón dos ríos Parga e Ladroil.

Guitiriz inicia a renovación dos sinais indicativos do concello

O Concello de Guitiriz puxo en marcha unha actuación para a renovación integral dos sinais indicativos do municipio, coa substitución inicial de 63 sinais repartidas en diferentes puntos do termo municipal.

Esta intervención supón a primeira fase dun proxecto máis amplo co obxectivo de modernizar e mellorar toda a sinalización existente en Guitiriz. A actuación conta cun orzamento total de 7.420,20 euros e responde á necesidade de actualizar sinais que se atopaban deterioradas polo paso do tempo, mellorando así a seguridade viaria, a orientación da veciñanza e das persoas visitantes, así como a imaxe xeral do municipio. Esta primeira fase non será a única. O Concello ten previsto continuar coa renovación progresiva da totalidade dos sinais durante o ano 2026, ata



completar a substitución de todos os elementos de sinalización presentes no municipio.

Segundo palabras da alcaldesa, Marisol Morandeira, "esta actuación é un paso importante para mellorar a sinalización en todo o concello, facendo de Guitiriz un municipio

máis accesible, seguro e ordenado, tanto para a veciñanza como para quen nos visita". A rexedora destacou tamén que "a renovación das sinais era unha demanda necesaria e continuará nos vindeiros meses ata abranguer todo o territorio municipal".



Izán Morandeira gaña a segunda edición do Torneo de Videoxogos

A Escola Habaneira de Guitiriz acolleu a celebración da II edición do Torneo de Videoxogos do Concello de Guitiriz, na modalidade de Mario Kart, cun total de 24 participantes.

O gañador do torneo foi Izán Morandeira Aguion, tras unha emocionante competición chea de velocidade e diversión.

Ao finalizar o evento realizouse a entrega de obsequios a todas as persoas participantes, así como dos trofeos.

Asistiron á entrega de premios, a alcaldesa da localidade, Marisol Morandeira, e a conselleira responsable da Área de Integración, Promoción e Servizos Sociais, Sofía Sánchez.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA

HAMBURGUESAS
FRESAS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS
CON SALSAS VARIADAS
ALCO PARA

COMPARTIR TAPAS

NUESTRA CARTA
RACIONES
FICHAS REVUELTAS
DE BARRIL
ALCO PICAR
SABOREAR
TORTILLAS

RAIXO PATATAS
NUESTROS DELICIOSOS

gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilalba (Lugo)
Telf. 982510550

A veciñanza de Parga concentrouse contra “os recortes do Sergas”

Veciños e veciñas de Parga e Guitiriz concentráronse este luns diante do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), en Lugo, para protestar pola situación da atención sanitaria no municipio, que consideran minguada pola falta de profesionais médicos e pola ausencia de consulta presencial no consultorio de Parga.

A mobilización contou co apoio dos tres grupos políticos da Corporación municipal —PSOE, PP e BNG—, que acudiron de maneira conxunta tras aprobar no último pleno unha moción para reclamar a recuperación completa dos servizos sanitarios. Durante a concentración reclamouse á Xerencia da Área Sanitaria unha resposta inmediata ás demandas da veciñanza.

Os manifestantes non puideron ser atendidos polos responsables sanitarios, ao non estar dispoñibles no momento da protesta. Esta acción súmase á realizada días atrás en Parga, fronte ao consultorio local, que actualmente só mantén servizo de enfermaría. O desprazamento ata Lugo realizouse maioritariamente



nun autobús financiado polo Concello de Guitiriz e pola Comunidade de Montes.

A situación arrástrase desde a pandemia, cando o Sergas pechou o consultorio para centralizar a atención, unha decisión que provocou protestas continuadas e reclamacións institucionais. A reapertura produciuse tempo despois, pero sen recuperar plenamente os servizos, o que mantivo o malestar veciñal.

Na actualidade, o municipio pasou de contar con cinco médicos a dispoñer só de dous en activo, debido

a vacacións, baixas e procesos de mobilidade, quedando ambos adscritos ao centro de saúde de Guitiriz. A veciñanza critica tamén a falta de información previa e os atrasos nas citas médicas.

Pola súa banda, o Sergas asegura que non existe ningún peche nin recorte asistencial e que a reorganización é temporal, motivada pola falta de facultativos substitutos durante o Nadal. Afirmar que o consultorio de Parga segue aberto con servizo de enfermaría e que, unha vez rematado o período vacacional, recuperarase a atención médica habitual.

Xermolos estrea o seu 50 aniversario coa publicación do calendario de 2026

A asociación cultural Xermolos de Guitiriz comeza a celebración do seu 50 aniversario, que se cumprirá en 2026, coa posta á venda dun almanaque conmemorativo no que repasa medio século de actividade vencellada á cultura galega, á música e á memoria colectiva.

O calendario, titulado Almanaque 2026. 50 anos de Xermolos, reúne ilustracións e fotografías achegadas

por persoas colaboradoras e sinala datas clave na historia do colectivo. A entidade explica que escolleu o termo “almanaque” coa intención de recuperar unha palabra cada vez máis en desuso e de reforzar o carácter simbólico da publicación.

Xa dispoñible por cinco euros en distintos puntos de Guitiriz, como o pub Soa ou a librería Castaño, o almanaque foi concibido en formato de pa-

rede, co obxectivo de estar presente nos fogares ao longo de todo o ano.

A portada parte do logotipo tradicional de Xermolos, transformado nun número 50, e é obra do artista local Diego Pena, colaborador habitual da asociación. O historiador Felipe Senén López participa cun debuxo para o mes de outubro, no que se lembra a data da constitución oficial do colectivo.

EN BREVE



GUITIRIZ EN RUTA. Celebrouse en decembro a última saída da sétima edición do programa Guitiriz en Ruta. Nesta ocasión unhas 19 persoas fixeron a Ruta do Monte dos Vilares, un percorrido que estaba previsto cun total de 15 quilómetros, pero que tivo que ser acurtado xa que comezou a nevar.



UNED SÉNIOR. A entrega de diplomas do curso académico 2024-2025 do programa UNED Sénior reuniu no centro asociado da Coruña a preto de douscentos alumnos e alumnas que completaron a súa formación, nun acto no que estiveron presentes os alumnos das zonas de Guitiriz e Xermade.



BTTEANDO. Preto de 40 persoas participaron na Ruta do Nadal, a última saída do calendario da sétima edición do programa BTTeando por Guitiriz. A ruta, de 20 quilómetros e arredor de 300 metros de desnivel, contou cunha dificultade sinxela e discorreu polos sendeiros de San Breixo, combinando tramos do Camiño de Santiago do Norte con outros da Ruta das Bidueiras, así como pola contorna de Santa Leocadia.

TECNOAGRI
Mantenemento Técnico de Lacteínas S.L.

DeLaval

Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea
Teléfono: 982 330 465

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...
Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

Celebran unhas xornadas para favorecer a integración de migrantes

Meira acolleu recentemente as Xornadas de Dinamización da Lingua Castelá para a Inserción Social e Laboral, unha acción formativa de 20 horas desenvolvida no marco do Proxecto Piloto de Voluntariado Intercultural impulsado polo GDR-3 Montes e Vales Orientais, en colaboración co Equipo Comarcal de Inclusión Sociolaboral do Corgo e o propio concello.

A iniciativa naceu coa finalidade de facilitar a integración das persoas migrantes no territorio, proporcionándolles ferramentas prácticas para mellorar a súa vida diaria e ampliar as súas oportunidades de acceso ao mercado laboral. Nun contexto rural, onde as comunidades son pequenas e as relacións

persoais teñen un peso determinante, o coñecemento do idioma resulta clave para comunicarse, atopar emprego e sentirse parte activa da veciñanza.

Ao longo das dez sesións, a aula de Meira converteuse nun espazo de aprendizaxe, apoio e convivencia no que participaron persoas procedentes principalmente de Marrocos e Senegal, colectivos que adoitan atopar maiores dificultades nos procesos de integración social. As clases foron impartidas por Elisa Río Conde, profesora de Lingua Castelá no IES Pedregal de Irimia e voluntaria da Rede de Mulleres do Territorio, quen asumiu por primeira vez o reto de ensinar a persoas adultas.

O BNG di que se está a producir un desmantelamento do PAC

O BNG vén de recibir a comunicación do persoal sanitario do PAC alertando dunha decisión “extremadamente grave” da Consellaría de Sanidade: reducir a un único equipo médico a atención urxente dun centro que presta servizo a seis concellos —Meira, Pol, Ribeira de Piquín, Riotorto, Pastoriza e Pontenova—, nun territorio extenso, disperso e cunha poboación maioritariamente envellecida.

Segundo puido coñecer o BNG, a Xunta de Galiza está deixando o PAC sen reforzo nas fins de semana e festivos, obrigando a que unha soa equipa teña que asumir máis de 60 pacientes no propio centro nun día, ademais de múltiples saídas a domicilio, algunhas delas de até dúas horas de duración. “Non estamos ante un feito puntual, senón diante dunha dinámica reiterada que



evidencia unha decisión política: deixar o PAC de Meira con unha soa equipa”, alerta a deputada nacionalista Olalla Rodil.

Rodil considera inxustificábel e temerario que o goberno do Partido Popular pretenda manter esta situación de forma permanente, xerando unha asistencia sanitaria

claramente insuficiente, que pon en risco tanto o persoal como a veciñanza dos cinco concellos afectados. “É imposíbel garantir unha atención digna nestas condicións. Isto non é unha reorganización: é un recorte encubierto que golpea, unha vez máis, ao rural”, critica a deputada

A Deputación licita a rehabilitación de varias estradas do termo municipal

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a licitación da rehabilitación de cinco estradas provinciais.

En Meira realizaranse diferentes actuacións por 243.000 euros de valor, que inclúen a rehabilitación completa do trazado da LU-P-3003, que conecta a vila de Meira coa N-640 por Leiras; a práctica totalidade da LU-P-3005, de Couso a Vilar de Corota; e un tramo de seis quilómetros —desde o punto quilométrico 14,6 ao 20,3— da LU-P-4806, que conecta Vilaxe por Galegos e Vilar de Corota a Ribeira de Piquín.

Os traballos, que terán un prazo de execución de 3 meses, consistirán na reapertura de cunetas, reparación de desperfectos, repavimentación e sinalización vertical.

O Desfile de Entroido repartirá uns 5.000 euros

Riotorto xa se prepara para unha das xornadas máis destacadas do Entroido coa celebración do Desfile de Carnaval 2026, que terá lugar o sábado 7 de febreiro e que converterá as rúas do municipio nun espectáculo de cor, música e imaxinación. O desfile partirá ás 17.30 horas desde a Casa da Cultura e percorrerá o centro da vila ata rematar no pavillón polideportivo.

A organización destinará máis de 5.000 euros en premios, repartidos entre as diferentes categorías infantil e adulta, tanto en modalidades individuais como en parellas e grupos. Ademais, tamén se establecen importantes galardóns para

carrozas, charangas e comparsas, con premios que alcanzan os 600 euros no caso das comparsas máis numerosas, e ata 360 euros para carrozas.

Na categoría adulta, os premios individuais chegarán ata os 150 euros, mentres que en parellas se repartirán ata 200 euros. Nos grupos, as contías varían segundo o número de integrantes, cun primeiro premio de 350 euros para grupos de máis de dez persoas. No apartado infantil, os premios oscilarán entre os 50 e os 250 euros, segundo a modalidade.

As inscricións poderán realizarse ata o venres 6 de febreiro.

riotorto



A Órrea acolleu o último acto do 128 aniversario do nacemento do poeta

A Asociación Cultural Poeta Avelino Díaz celebrou na Órrea un emotivo acto co que puxo o broche final ao programa de actividades organizadas con motivo do 128 aniversario do nacemento do poeta. A iniciativa reuniu a veciñanza e a persoas interesadas na memoria histórica e cultural da comarca nun encontro centrado na recuperación do pasado e na reivindicación das figuras literarias ligadas á Terra de Miranda.

O acto tivo como obxectivo principal afondar na memoria do movemento agrarista existente na Terra de Miranda a comezos do século XX, un fenómeno social e político de gran relevancia na época. Esta parte da

xornada contou coa participación do profesor Hervés, que ofreceu unha conferencia no local social da Asociación de Veciños da Órrea, achegando contexto histórico e claves para comprender a importancia da organización labrega naquel tempo.

A xornada serviu tamén para poñer en diálogo e reconciliar dúas figuras literarias unidas por lazos familiares e históricos: Manuel María García Castro, poeta vinculado á revista El Agricultor, editada en Riotorto nos inicios do século pasado e voceira do movemento agrarista, e o seu fillo natural Avelino Díaz, coñecido como o poeta de Meira durante a súa etapa na Arxentina.

GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

NOVAS
INSTALACIÓNS

Avda. Galicia, 66 Bajo
15320 AS PONTES (A Coruña)
981 440 098 - 699 145 568
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamin Paz, 25 Bajo
27800 VILALBA (Lugo)
982 523 034 - 645 851 946
contacto@gestoriagayoso.com

A Deputación colabora co Club Fluvial para impulsar actividades

A Deputación de Lugo reforzou o seu compromiso co dinamismo cultural e social do municipio de Begonte mediante o apoio á actividade do Centro de Iniciativas e Turismo do Club Fluvial, entidade que desde 1969 promove iniciativas culturais, recreativas, deportivas e turísticas co obxectivo de poñer en valor a vida social e cultural dos veciños e veciñas da vila e da súa bisbarra.

José Tomé Roca asinou, sendo aínda presidente, co responsable da entidade, Alejandro Varela Quijada, un convenio de colaboración mediante o cal a Deputación achegará 6.000 euros para a celebración dunha das citas máis destacadas do ano: a Festa da Empanada. "Esta cita gastronómica reúne cada verán a veciños e veciñas na contorna fluvial de Begonte,



converténdose nun trampolín para promocionar este espazo natural e poñer en valor os recursos turísticos da comarca", destacou José Tomé Roca.

Así mesmo, o presidente salientou que este apoio contribúe a seguir

consolidando "un modelo de turismo de calidade, sostible, con capacidade para atraer visitantes todo o ano, que coída o medio ambiente e pon en valor o patrimonio, e que crea riqueza, sobre todo nas zonas rurais", sinalou.

Xeada gaña o Certame de Arte do Belén

Hipólito Xeada, de Alfoz, resultou gañador do Certame de Arte do Belén de Begonte co seu traballo titulado *A ilusión do Nadal*, unha obra coa que conseguiu reflectir á perfección o ambiente característico do Belén de Begonte. O galardón corresponde ao Premio José Domínguez Guizán, dotado con 2.000 euros e diploma, dentro do certame de arte que rende homenaxe, nesta edición, á memoria de Manuel Gulín Rodríguez.

Xunto ao premio principal, o xurado decidiu conceder mencións de honra pola alta calidade das obras presentadas. Foron recoñecidos Manuel Carballeira Rivas, de Valdoviño, pola obra *A Chaira*; Andrés Gabarres Cagiao, de Ferrol, por *Huellas del tiempo*; e Santiago Lago Canzobre, tamén de Ferrol, pola obra *Otoño en la ciudad*.

Os premios serán entregados no acto de clausura do Belén de Begonte, previsto para o vindeiro 31 de xaneiro. Ademais, as obras participantes poden visitarse ata o 14 na Sala da Delegación Territorial da Xunta en Lugo, e posteriormente, ata o 30 de xaneiro, estarán expostas na Casa da Cultura do Concello. O fallo foi emitido tras a reunión celebrada este martes na Sala de Arte da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo, dun xurado composto por Aurelia Balseiro García, directora do Museo Provincial de Lugo; Gonzalo Sánchez Folgueira "Zalo", pintor; Javier Arias Fouz, delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo; Xulio Giz Ramil, presidente do centro convocante; e Sonia Varela García, da Comisión de Cultura do centro cultural convocante.

Destinan 60.000 euros á mellora enerxética do campo de fútbol

A Xunta apoiou con preto de 60.000 euros as obras de mellora da eficiencia enerxética executadas no campo de fútbol de Pacios. As actuacións consistiron no cambio da cuberta; a mellora do illamento exterior mediante un sistema SATE; e a instalación dun sistema de calefacción e auga quente sanitaria que obteñen enerxía a través dunha bomba de calor de aerotermia. Os traballos foron financiados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes con cargo ao Fondo de Cooperación Local.



CENTRO DE DÍA



O Centro de Día de Begonte, situado en Baamonde, puxo en marcha a segunda edición do proxecto Anaquiños de Ilusión, unha iniciativa destinada a achegar agarimo e apoio ás persoas en situación de vulnerabilidade do municipio durante o Nadal. Así, repartíronse un total de 84 flores elaboradas a man con gancho, acompañadas doutros tantos calendarios personalizados.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

O BNG reclama medidas para conservar as torres de Sobrada e Taboi

O BNG, a través das emendas presentadas aos Orzamentos da Xunta para 2026, demanda a posta en marcha de actuacións urxentes para garantir a conservación, mantemento e posta en valor das Torres de Sobrada e Taboi.

A deputada, Olalla Rodil, subliñou que “resulta inadmisíbel que a Xunta de Galiza e o propio Concello de Outeiro de Rei leven anos sen mover un dedo pola consolidación destas torres, que están en ruína avanzada e con risco real de derrubo”. Rodil reclamou medidas inmediatas “para frear o deterioro e garantir que non se perda un patrimonio que é de todas e todos”. O BNG solicita que a Xunta e o Con-

cello elaboren de maneira conxunta un plan de actuación integral para a conservación, rehabilitación e rexeneración destes inmobles históricos. Rodil lembrou que a Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galiza fixa con claridade as obrigas das administracións públicas: “A norma establece que tanto a Xunta como as entidades locais deben protexer, difundir e salvagardar o patrimonio, adoptando medidas cautelares cando a súa integridade estea ameazada. Aquí estano, e non se está actuando”.

A nacionalista destacou que “o noso patrimonio é tamén unha oportunidade de desenvolvemento”.

Iago Río fixo a postal gañadora

O Concello de Outeiro de Rei xa deu a coñecer os nomes das persoas gañadoras do concurso de postais de Nadal. Na primeira categoría, na que participaron escolares dos tres primeiros cursos de Primaria, resultaron premiados Abril López Mallo, Adrián Blanco Pérez, Guzmán Vilela García e Sergio Mouriz Pena, cuxas creacións destacaron pola súa crea-

tividade e calidade artística.

Pola súa banda, na segunda categoría, destinada ao alumnado dos tres cursos superiores de Primaria, o xurado acordou conceder os galardóns a Iago Río Pernas, autor dunha postal coa que felicitou o Nadal aos veciños e veciñas do concello, así como a Carla Rouco Marqués, Aroa Fernández Barreiro e Rosa Morais Corbelle.

O Pleno ratifica as bonificacións dos impostos e a rebaixa da taxas

O Pleno de Outeiro de Rei, celebrado con antelación ao habitual pola coincidencia coas festas de Nadal, ratificou esta mesma mañá de luns as disposicións normativas que permitirán á poboación da localidade obter bonificacións en impostos como o IBI, o IAE e o ICIO, en especial a aquelas empresas que queiran instalarse na vila. Esta medida contou cos votos a favor do equipo de Goberno, oito, porque un non asistiu por estar enfermo, e do PSOE.

Este punto xerou a protesta dos concelleiros do BNG, xa que foi introducido no último momento, pero a secretaria do Pleno interviu para explicar, a petición do alcalde, José Pardo, que o proceso foi “transparente e legal”. Tras ser sometido a votación a idoneidade do mesmo, cos votos en contra do BNG, acabou aprobándose por clara maioría.

E canto ás bonificacións polas taxas de expedición de licenzas urbanísticas de actividade, de apertura, de primeira utilización e de realización de actividades administrativas de control, que tamén se presentaban para ratificación, houbo unanimidade e aprobouse sen intervencións. O mesmo pasou co peche e liquidación da conta xeral do 2024, que tamén foi aprobada sen intervencións dos concelleiros aínda que nesta ocasión cos votos en contra do BNG e a abstención do PSOE.



O punto que xerou máis debate foi a única moción da orde do día, defendida polo BNG, co apoio da concelleira do PSOE. Nela, os nacionalistas pedían o apoio do equipo de Goberno para a implantación de varias medidas para incentivar o uso da lingua galega entre a mocidade. Entre elas figuraba a adhesión a varias iniciativas postas en marcha pola Xunta e a RAG que implican a realización de actividades ou mesmo a creación dun servizo de Normalización Lingüística. O PSOE, secundou a moción lembrando que é unha obriga xurídica das administracións o uso da lingua galega e que os datos que se manexan apoian a existencia dunha “emerxencia lingüística”. O alcalde, José Pardo, foi contundente para rexeitar a moción, asegurando que a baixada de galego falantes está motivada pola “imposición” que

fan os grupos nacionalistas entre a xente moza. “O galego deféndese usándoo non obrigando aos demais a facelo”, sentenciou o mandatario. Asegurou que o concello non ten ningún problema co uso do galego para necesitar un servizo de normalización lingüística e que os cartos que se necesitarían para implantalo “poden ser dedicados a cousas máis urxentes e necesarias para a poboación”, explicou. Polo tanto, a moción contou con 8 votos en contra e 4 a favor e quedou rexeitada. No apartado de rogos e preguntas, o PSOE presentou unha petición para o arranxo da estrada de Mosteiro. Pola súa banda, o BNG propuxo que a matriculación dos alumnos das actividades extraescolares se faga de forma en liña, para evitar colas e que os veciños non teñan que pedir nos traballos para facer esta xestión.

Catalogan 9.000 obras da biblioteca da Casa Museo de Manuel María

A biblioteca da Casa-Museo Manuel María reúne todos os libros que constituíron a colección do poeta galego Manuel María, entre os que tamén se encontran os procedentes de fondos da súa familia. Co falecemento da súa dona Saleta Goi, que formou con el un casal solidario e comprometido con Galicia e coa cultura do país, tamén se incorporou a súa biblioteca, transmitida á Casa-Museo do escritor. Con isto son, a día de hoxe, máis de 14000 obras alí reunidas, entre monografías, publicacións periódicas e audiovisuais.

A Fundación Manuel María de Estudos Galegos vén levando a cabo a debida organización desta biblioteca valéndose esencialmente do traballo do seu voluntariado, coordinado por Xosé Manuel Pérez, responsábel do arquivo e biblioteca dentro do Padroado da Fundación.

Os fondos, que foran inventariados no momento de ser trasladados a

Outeiro de Rei, están agora a ser debidamente catalogados xuntamente cos novos volumes incorporados que teñen a ver coa figura de Manuel María ou coa súa obra vital ou literaria.

A estas alturas xa están catalogadas máis de 9200 obras e subidas máis de tres mil imaxes de capas dos libros catalogados, manténdose o obxectivo de completar todo o fondo bibliográfico para mostralo ao público en xeral e ás persoas que se dedican á investigación.

Para a catalogación úsase o sistema de xestión de bibliotecas Koha, que é subministrado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galiza (Amtega), e orixina un catálogo en liña que pode ser consultado libremente por calquera persoa con acceso a internet.

Dentro dos volumes xa integrados no catálogo está toda a obra de Manuel María, con 479 referencias.

A amplitude, diversidade e riqueza dos exemplares que atesoura esta biblioteca convértena nunha das máis importantes coleccións de libros dun particular. En concreto, do fondo xa catalogado, hai máis de 3000 libros de poesía, dos cales 1730 son de poesía galega, case trescentos máis de poesía portuguesa e outros 900 de poesía en lingua española. De narrativa hai máis de 1100 obras das que 700 son de narrativa galega e 300 en castelán nos que se inclúen interesantes libros de comezo do século XX de tema galego.

Obras que non son de ficción hai 3427 dos que máis da metade, 1842, son de tema especificamente galego (273 da provincia da Coruña e 346 da provincia de Lugo).

Os idiomas dos textos son o galego con 4825 obras, o castelán con 3400, o portugués con 620 e outros con menor número como son o catalán, francés, euskera, latín, etc.



Concurso de videopoemas

A Casa-Museo Manuel María organiza unha nova edición do concurso de videopoemas, a IX, que ten por finalidade a potenciación da creatividade artística a través da conxunción da palabra, o son e a imaxe, e o coñecemento e difusión da obra de Rosalía e Manuel María. Os videopoemas consistirán nun vídeo baseado nunha composición poética en galego de Rosalía ou de Manuel María. O poema deberá aparecer nalgún momento do videopoema, ben sexa impreso, re-

citado ou en calquera outra opción que se considere.

Os centros participantes deberán realizar a súa preinscrición antes de 17 de marzo por correo electrónico en contacto@casamuseomanuelmaria.gal. Os traballos serán enviados por calquera medio dixital á Casa-Museo Manuel María antes de 12 de abril, mais sempre deberá ser comunicado dito envío ao enderezo electrónico seguinte: contacto@casamuseomanuelmaria.gal.

O Concello prorroga o orzamento municipal ata 2026 por 3,5 millóns

O Concello aprobou a prórroga do orzamento municipal, correspondente ao exercicio 2024, que se estenderá ao ano 2026 ao non terse aprobado un novo presuposto dentro dos prazos legais establecidos. A decisión formalizouse mediante resolución da Alcaldía, asinada polo alcalde, Darío Cabaneiro Santomé. O orzamento prorrogado ascende a un total de 3.513.462,53 euros, tanto no estado de ingresos como no de gastos, unha vez aplicados os axustes á baixa derivados de ingresos non recorrentes e de determinadas partidas que non se executarán no novo exercicio. A resolución apóia-se na lexislación vixente en materia de facendas locais, que establece a prórroga automática do orzamento anterior cando non entra en vigor un

novo antes do inicio do exercicio. No apartado de ingresos, os impostos directos seguen a ser a principal fonte de financiamento, con máis de 1,15 millóns de euros tras os axustes aplicados. As transferencias correntes mantéñense como outro dos piares fundamentais, superando os 1,6 millóns de euros, mentres que as taxas, prezos públicos e outros ingresos acadan arredor de 652.000 euros. O total inicial de ingresos, fixado en 3,86 millóns de euros, viuse reducido por axustes á baixa por importe de 346.537,47 euros, ata acadar a cifra definitiva prorrogada. En canto aos gastos, os gastos de persoal, se manteñen en 727.275,53 euros. Os gastos en bens correntes e servizos sitúanse en algo máis de 2,58 millóns de euros tras a mino-

ración aplicada, mentres que os investimentos reais quedan reducidos a 41.822 euros como consecuencia da supresión de partidas vinculadas a actuacións xa executadas ou non financiadas no novo exercicio. Tamén se elimina a dotación do fondo de continxencia e redúcense determinadas transferencias correntes e gastos financeiros. A resolución establece igualmente que non se prorrogan aquelas partidas vinculadas a amortizacións de préstamos xa finalizadas nin ingresos de carácter puntual percibidos no exercicio anterior. Así mesmo, no capítulo de transferencias de capital só se mantén a achega municipal correspondente ao Plan Deputación ou ao Plan Marco, que son subvencións que se conceden anualmente.

Amplían a recollida de plásticos a febreiro

O Concello da Pastoriza informou da ampliación do servizo de recollida de plásticos de silos, que se vén levando a cabo no termo municipal nos meses de novembro e maio. Segundo explican desde o Concello, esta medida tomouse debido á gran cantidade acumulada nas explotacións. As persoas usuarias interesadas en solicitar este servizo deberán poñerse en contacto co teléfono 982 332 197 cando se achegue a data. Unha vez rexistrada a petición, o

Concello organizará a recollida nos días seguintes, seguindo a ruta que corresponda en cada caso. O executivo municipal lembra que os plásticos deben estar colocados nun punto de fácil acceso para o vehículo de recollida, sempre dentro da explotación e sen obstáculos que dificulten ou atrasen o traballo. Así mesmo, subliña que non está permitido depositar os residuos en bens de uso ou dominio público, nin deixalos nos contedores de lixo nin nas súas inmediacións.

Unha veciña de Fonmiñá doa ao concello un Belén artesanal

Unha veciña da parroquia de Fonmiñá converteu este Nadal o seu belén artesanal nun proxecto colectivo ao doalo ao Concello, que o expuso no Centro de Interpretación de Fonmiñá.

A iniciativa partiu de Ana Manrique, que decidiu elaborar un belén propio como reacción á falta de elementos tradicionais na decoración comercial. Inspirada nos recordos da infancia e nas costumes galegas, comezou a crear as pezas de maneira artesanal, utilizando materiais naturais e figuras pintadas a man.

O que inicialmente estaba pensado para decorar a súa casa acabou medrando ata converterse nun montaxe de gran formato, ao entender que podería cubrir un baleiro existente no municipio.

O belén recrea escenas da tradición galega, con pastores, lavandeiras,



muíños, fontes, camiños e edificacións populares, combinadas coa escena clásica do nacemento. A autora apostou por unha ambientación realista, coidando especialmente os detalles e as expresións das figuras.

A boa acollida do belén superou as

expectativas iniciais, cun notable interese por parte da veciñanza e das persoas visitantes.

A autora asegura que xa está a pensar en novas incorporacións para vindeiros anos, co obxectivo de seguir aprofundando na identidade galega e na relación con Pastoriza.

EN BREVE



POLÍGONO. Finalizaron as obras de ampliación do parque empresarial, que contemplaron a dotación de beirarrúas, rede de saneamento e canalización eléctrica, co fin de deixar plenamente equipadas unhas catorce parcelas, que se distribúen en solares de arredor de mil metros cadrados.



A LAGOA. O Concello aprobou un contrato menor para acometer obras de reparación na cuberta do local social da Lagoa, co obxectivo de solucionar os problemas de goteiras detectados no edificio. A actuación responde á necesidade de evitar un maior deterioro da estrutura, especialmente agravado polas choivas e as condicións meteorolóxicas adversas.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

CARACOL+

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

O Concello escolle aos gañadores do concurso de postais

O Concello de Rábade fixo pública a listaxe de gañadores e gañadoras do Concurso de Postais de Nadal 2025, unha iniciativa dirixida á infancia e á mocidade do municipio que busca fomentar a creatividade e a participación durante estas datas festivas. Tamén fixo a entrega dos premios, a cargo da alcaldesa, Remedios González.

O certame contou con distintas categorías por idades. Na categoría dos máis pequenos, o primeiro premio foi para Ánxela Lage Iglesias, o segundo para Alba Fernández Santos e o terceiro para Nico Caamaño Parga. Na segunda categoría, o primeiro premio foi para Yanira Casanova Rábade, o segundo para Naia Beceiro Bouso e o terceiro para Sara Penelas López. Na categoría de maior idade, o primeiro premio recaeu en María Nogareda Sánchez, de 13 anos; o segundo foi para Iván Jesús Río Pernas, de 14; e o terceiro para Noa Engroba Bóveda, de 13.

Desde o Concello lembran que o acto de entrega de premios xa tivo lugar no Centro Sociocultural de Rábade. Todas as persoas participantes recibiron un diploma en recoñecemento ao seu esforzo e participación.

O Concello de Rábade quixo felicitar publicamente ás persoas premiadas e agradecer a todas e todos os nenos e nenas que participaron no concurso, destacando a calidade e a imaxinación das postais presentadas.



Cáritas recibe o apoio da Xunta para habilitar novas sedes en Rábade

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, participou hoxe na inauguración da nova sede de Cáritas en Rábade, que dará servizo a este concello e ao de Outeiro de Rei.

A Consellería de Política Social e Igualdade colaborou economicamente coa organización para habilitar esta oficina e a que abriron a semana pasada en Becerreá, a través das axudas concedidas a entidades sociais con cargo ao 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

Arias destacou a importancia do traballo de proximidade que realiza o tecido asociativo para achegar os servizos a todo o territorio e contribuír a que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades de benestar e participación social.

No caso de Cáritas Diocesana de

Lugo, as axudas concedidas pola Xunta na convocatoria do 0,7% do IRPF de 2024 suman un millón de euros, destinados a apoiar preto dunha vintena de programas de cooperación que desenvolve a entidade na provincia.

Estas accións están enfocadas á protección da infancia e das familias; atención a persoas maiores en situación vulnerable; atención á discapacidade; inclusión social e laboral; promoción da igualdade entre homes e mulleres, ou á prevención da violencia de xénero.

O delegado destacou que o obxectivo da Xunta con estas achegas é “continuar apoiando ao tecido asociativo e traballando da súa man para que as persoas máis vulnerables contén cos recursos que necesitan para desenvolver a súa vida”.

O rabadense Luis Lago Lage dirixe a xestora do PSOE apoiada por Ferraz

A dirección federal do PSOE deu luz verde á composición da Comisión Xestora que asumirá a dirección do PSdeG-PSOE na provincia de Lugo, un órgano provisional que se constitúe tras a renuncia de José Tomé Roca á secretaría xeral, no contexto da crise interna xerada polas denuncias por acoso sexual presentadas contra el.

A Executiva Federal avala así a proposta formulada pola Comisión Executiva Nacional Galega, que fora avanzada o pasado venres por José Ramón Gómez Besteiro na súa primeira intervención pública tras a dimisión de Tomé.

A nova Comisión Xestora estará encabezada por Luis Ángel Lago Lage, histórico militante socialista natural de Rábade, aínda que vencellado politicamente ao Concello de Cervo desde os anos noventa. Ao longo da súa traxectoria desempeñou distintas responsabilidades orgánicas e institucionais, chegando a exercer como coordinador provincial do partido a comezos dos anos 2000.

Xunto a Lago Lage integráronse na xestora perís con ampla experiencia política e municipal. Entre eles atópase a deputada no Parlamento de Galicia Patricia Otero Rodríguez, así como varios rexedores da provincia: Roberto Fernández Rico (Ribeira de Piquín), Darío Antonio Piñeiro (Láncara) e Roberto García Pernas (Xermade).



A relación complétase coa exalcaldesa de Portomarín Silvia Rodríguez Díaz, as concelleiras e concelleiros Marina Ramudo Graña (Pol), Ana González Abelleira (Lugo) e Vicente Parra Vizcaino (Quiroga), ademais de Ana María Hortas Alonso e Miguel Ángel Crende López.

Desde o PSdeG-PSOE subliñan que a constitución desta Comisión Xestora ten como obxectivo garantir a estabilidade interna da organización na provincia de Lugo e asegurar o funcionamento ordinario do partido, mantendo a actividade política e institucional con normalidade.

A formación socialista traslada tamén unha mensaxe de responsabilidade e compromiso coa militancia e coa cidadanía lucense, reiterando a súa vontade de continuar traballando nun proxecto político sólido, útil e centrado nas demandas e necesidades da provincia.

Besteiro apoia o novo supermercado de Pol, o primeiro municipal

O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, participou na reapertura do supermercado municipal de Pol facendo a compra, nun xesto co que quixo poñer en valor a importancia de garantir servizos básicos no rural como condición imprescindible para fixar poboación e combater a crise demográfica.

Durante a visita, realizada xunto ao alcalde, Besteiro subliñou que “os socialistas non cremos nunha Galicia a dúas velocidades, nin nun país dividido entre o rural e a costa”, e defendeu un modelo de comunidade no que, con independencia do lugar no

que se viva, a cidadanía poida acceder a servizos esenciais.

O novo supermercado, o primeiro municipal de Galicia, abriu de novo as súas portas tras dous anos de peche, un período no que a veciñanza tiña que desprazarse entre doce e quince quilómetros ata concellos limítrofes como Meira ou Castro para facer a compra. A posta en marcha deste servizo, de carácter municipal, responde á decisión do Concello de garantir o acceso a produtos básicos sen obrigarlle á poboación a marchar. “Fixar poboación tamén é isto: ter servizos, poder abastecerse no día a



día no propio concello e vivir con dignidade”, sinalou Besteiro, que incidiu en que a crise demográfica existe e só se combate con feitos concretos e políticas útiles pegadas á realidade. O supermercado conta con carnicería, produto fresco e mostradores abastecidos, recuperando un servizo que a veciñanza botaba en falta e

que contribúe a dinamizar a vida social e económica do municipio.

Desde Pol, Besteiro insistiu en que este tipo de iniciativas exemplifican a forma de entender a xestión pública por parte do socialismo: poñer os recursos ao servizo da xente, responder ás necesidades reais e coidar o territorio.

Pol acollerá a IV Batida Feminina o 17

O Tecor Amigos da Natureza do Concello de Pol, coa colaboración da Federación Galega de Caza de Lugo, organiza o vindeiro 17 de xaneiro a IV Batida Feminina, unha cita que reúne cazadoras de diferentes puntos da provincia nunha xornada de convivencia e actividade cinexética. O evento, que continúa a medrar en participación ano tras ano, busca visibilizar o papel da muller no ámbito da caza e reforzar a presenza feminina nun sector tradicionalmente masculinizado. Na presentación da actividade, destacou o compromiso das participantes e o apoio constante das entidades colaboradoras. As persoas interesadas en inscribirse poden facelo a través do número de contacto facilitado pola organización.

“Damos a coñecer espazos de gran interese ecolóxico e científico”

Martiño Cabana, da Asociación Galega de Custodia do Territorio, describe os proxectos da entidade, que promove a conservación de natureza

Jessica Fernández

Como valoran a evolución da Asociación desde os seus inicios e ata o día de hoxe?

En 2008, entidades e persoas de Galicia viron a necesidade de crear unha asociación que fomentase a conservación da natureza, utilizando a ferramenta da custodia do territorio. Así, a evolución da entidade está a ser ascendente, pois comezamos explorando múltiples posibilidades, como decidir que proxectos levar a cabo ou en cales colaborar. Os primeiros anos resultaron complexos, xa que tivemos que ir atopando o noso lugar, mais este tempo permitiunos aproveitar o traballo previo, consolidar esas bases e desenvolver hoxe proxectos de moito maior calado e impacto. A partir do ano 2020, a asociación deu un salto importante no número e alcance das accións que realizaba, tanto na Casa das Insuas como noutras zonas de Galicia. Actualmente, a asociación conta con arredor de cen socios procedentes da provincia de Lugo, da Coruña e doutras partes de Galicia e d España. **Cales son os proxectos nos que están inmersos?**

O noso labor principal baséase na custodia do territorio, actuando desde distintos ámbitos e en colaboración con numerosas entidades. Desenvolvemos acordos de custodia que constitúen o alicerce fundamental da nosa actividade. A partir de aí, realizamos tamén accións de asesoramento, educación ambiental e outras iniciativas, pero a protección e xestión responsable do territorio seguen a ser o eixo esencial da asociación. As áreas onde centramos unha maior parte do noso traballo son a Terra Chá e a montaña lucense, así como na serra do Careón, na provincia da Coruña.

Fálenos das actividades desenvolvidas na comarca de Lugo.

Nos Ancares levamos a cabo un proxecto nun monte de varas, o de Piornedo, onde colaboramos cos

propietarios para administrar máis de 800 hectáreas nun dos espazos naturais máis impresionantes da provincia. Neste monte prestamos apoio e asesoramento para que poidan xestionar directamente o seu territorio mediante iniciativas propias; e, por outra, impulsamos nós mesmos proxectos de conservación enfocados na recuperación de campas, humidais, e outros hábitats que foron desaparecendo nos últimos anos. Ademais, realizamos numerosas actividades de divulgación. Cada ano organizamos un bioblitz, unha fin de semana dedicada a reunir amantes da biodiversidade para identificar as distintas especies que habitan nun determinado lugar. O obxectivo central é promover a conservación e a mellora ambiental deste monte e de todo o ecosistema asociado.

Tamén traballan no Courel.

Si, alí xestionamos tamén un monte de varas do que somos copropietarios, pois adquirimos varias parcelas hai uns anos no monte de Paderne. Implicámonos na súa administración, participando na toma de decisións e na planificación dos labores forestais. Ademais, traballamos na delimitación, divulgación e a xestión das microreservas de orquídeas do Courel. A finalidade destas áreas protexidas é mellorar o hábitat das orquídeas e doutras especies asociadas a solos calcarios. O abandono da actividade gandeira provocou un avance da matogueira que ameaza estas especies, polo que a súa xestión e control favorecen o desenvolvemento adecuado das orquídeas e doutros tipos de flora de interese. Nesa zona tamén traballamos no Monte de Toca en Samos cunha actividade a tres bandas entre nós, Cruz Vermella, e a comunidade de montes. Esta colaboración xa vén de lonxe, cando promovemos unha plantación para mellorar a calidade ambiental do monte. Agora, con este acordo, estamos tendo unha serie de

actividades para difundir os valores ambientais do monte veciñal, e que van durar bastantes meses. Estamos intentando planificar naquelas épocas de mellores condicións meteorolóxicas porque alí neva, entón no outono fixemos unha saída micolóxica e na primavera volveremos facer actividades para coñecer a fauna e o monte, xa que é un lugar moi interesante e bonito.

E na Terra Chá?

Na Terra Chá colaboramos coa Deputación de Lugo na xestión das Insuas do Miño e Ollos de Begonte, un espazo de máis de 110 hectáreas de alto valor ecolóxico, que inclúe humidais, bosque de ribeira e zonas de inundación. Estes bosques de asolagamento son moi escasos en toda a Península Ibérica e cómpre preservalos con especial coidado. Alí

“Cremos na custodia do territorio e na conservación da natureza, e mentres teñamos forzas, seguiremos traballando con esa mesma ilusión e compromiso”

traballamos tanto no eido da investigación, estudando a fauna e a flora para avaliar o seu estado de conservación, como no da divulgación, achegando o coñecemento dos seus valores naturais a escolares, universitarios, investigadores e público xeral. **Pero non só traballan na provincia de Lugo.**

Exacto. A terceira gran zona de actuación é a Serra do Careón, na provincia da Coruña, un espazo singular polas súas formacións xeolóxicas únicas que conteñen altos niveis naturais de metais pesados, que deu



lugar a especies vexetais adaptadas a estas condicións, convertendo o Careón nun dos dez enclaves botánicos máis importantes da España peninsular. Trátase dun lugar espectacular e pouco coñecido. Así, estamos a adquirir ou arrendar parcelas para garantir unha xestión axeitada dos hábitats e favorecer a conservación destas especies, mentres difundimos os valores naturais do espazo.

Todos os esforzos postos na conservación, non?

Si, iso é o fundamental. Despois, para facer esa conservación, hai dar a coñecer os valores ambientais tanto a poboación local, é dicir, os veciños das áreas que custodiamos, como investigadores e especialistas que traballan con determinadas especies de flora ou fauna, deben ter a oportunidade de coñecer estes espazos, xa que representan enclaves de gran interese ecolóxico e científico. E tamén intentamos xerar unha economía para esa zona. Varias empresas organizan visitas a estes espazos, sendo un importante foco de interese ecoturístico. Consideramos esencial que exista unha economía activa no ámbito rural para garantir que este siga vivo e se poida xestionar dun xeito sostible e axeitado.

Para ese traballo, fai falta axuda. Cales son as necesidades?

O financiamento é a nosa pedra angular para desenvolver proxectos ou contratar empresas que se encarguen da xestión dun determinado espazo. Contamos con apoio das deputacións de Lugo e da Coruña, así como do Ministerio para a Transición Ecolóxica, a través da Fundación Biodiversidad. Porén, da Xunta de Galicia obtemos moi pouca axuda, a pesar de ser a administración com-

petente en materia de conservación da natureza e de que as entidades de custodia poderíamos contribuir á consecución dos seus obxectivos. Tamén precisamos unha maior implicación do sector privado. Existe unha escasa base social nas asociacións deste tipo: mesmo as organizacións máis grandes do Estado contan cun número de socios moi reducido se o comparamos coas cifras doutros países europeos como o Reino Unido, Alemaña ou os Países Baixos. Ademais, practicamente non existen mecenas que acheguen financiamento, o que dificulta avanzar con maior estabilidade e independencia. **Cal é o camiño de futuro?**

O noso proxecto non é só un plan de entidade, aínda que tamén o sexa, senón sobre todo un proxecto vital para as persoas que formamos parte del. Cremos firmemente na custodia do territorio e na conservación da natureza, e mentres teñamos forzas, seguiremos traballando con esa mesma ilusión e compromiso. A nosa intención é continuar medrando nas zonas onde actuamos e con obxectivos definidos. Queremos seguir colaborando coa xente coa que traballamos día a día, especialmente cos veciños, que son unha parte esencial do noso labor. Ademais, consideramos que o noso traballo é relevante para Rábade, pois dinamizamos a Casa das Insuas con actividades abertas a toda a veciñanza, converténdoa nun dos principais focos de divulgación ambiental da asociación. Ademais, os proxectos de conservación teñen unha grande importancia, xa que se levan moito tempo e implican unha cooperación constante cos habitantes das zonas nas que actuamos.



RÁBADE: Remedios González

“A política local é absorbente e require dedicación constante”



DATOS

HABITANTES: 1.499.
PARROQUIAS: 1.
EXTENSIÓN: 5,2 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Lugo.
CORPORACIÓN: 5 concelleiros do PP, 3 de IA e 1 do PSOE.
ALCALDESA: Remedios González Cabarcos, do Partido Popular.
VOCEIRO PSOE: Alejandro Martínez Campos.
VOCEIRO IR: Francisco Fernández Montes.

Accedeu á Alcaldía, seguindo os pasos do seu pai, tralos últimos comicios ao gañar un quinto concelleiro, que arrebatou a maioría aos Independentes, que levaban no poder desde 1999

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.

Comecei tarde, pero sempre sentín interese pola vida pública e pola mellora do meu pobo. Iniciei o meu camiño na política no ano 2011 e, pouco a pouco, fun implicándome máis. Vinculeime ao Partido Popular porque comparto os seus valores, a súa proximidade á veciñanza e a defensa do municipalismo. Entendo que dende a política local pódense cambiar moitas cousas que afectan directamente ao día a día das persoas.

Como deu o salto ou recibiu o im-

pulso para ser alcaldesa?

Foi un proceso natural. Tras varios anos implicada na política local, pedíronme ir como cabeza de lista e ser a candidata á Alcaldía. Sentín que podía achegar unha visión de traballo serio, próximo e con ilusión renovada. O apoio da veciñanza e do equipo foi clave para dar ese paso. Non foi unha decisión individual, senón froito do compromiso colectivo por mellorar o noso concello. Ese ano gañamos as eleccións e tamén no 2019, faltando poucos votos para a maioría. Nas eleccións do ano 2023 acadamos a maioría absoluta.



momentos para os meus, poñer límites cando é necesario e lembrar que detrás do cargo tamén hai unha persoa. Sen equilibrio, é difícil manter a paixón polo que se fai.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Seguir mellorando o municipio, impulsar servizos públicos de calidade e apostar por un modelo de concello sostible, inclusivo e con oportunidades para todos. Tamén quero fomentar a participación veciñal e a transparencia como pilar básico da xestión.

E se renova na Alcaldía, cales son as principais actuacións previstas?

Queremos avanzar en infraestruturas, modernizar servizos, mellorar o acceso á vivenda, apoiar ao comercio local e consolidar proxectos estratéxicos para o desenvolvemento económico e social do municipio. Apostaremos tamén pola transición verde e dixital.

Cales son as principais liñas do seu programa?

As liñas principais céntranse en servizos sociais, vivenda, urbanismo sostible, apoio á mocidade, mellora das infraestruturas e fomento da cultura e do deporte. Todo cun enfoque participativo e cunha xestión responsable dos recursos públicos.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

Depende das zonas, pero en xeral necesitamos mellorar infraestruturas, comunicacións, reforzar servizos, garantir acceso á vivenda e ofrecer máis alternativas para mocidade e maiores. Tamén é clave avanzar na dixitalización e no apoio ao tecido produtivo. Para iso, é imprescindible a ampliación do Polígono industrial cunha cuarta fase e un novo acceso.

“O meu obxectivo é seguir mellorando o municipio, impulsar servizos públicos de calidade e apostar por un modelo de concello sostible, inclusivo e con oportunidades para todos”

De que proxectos se sente máis orgullosa?

Dos que tiveron un impacto real na vida da xente: servizos sociais cunha mellora substancial para a conciliación familiar, accesibilidade en edificios municipais, recuperación de espazos públicos, eficiencia enerxética en espazos deportivos, ... Son proxectos feitos coa xente e para a xente, e iso é o que máis orgullo dá.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcaldesa?

Alguén próximo, traballador, honesto e que sempre está dispoñible para escoitar. Gustaríame que visen a alguén comprometido co seu pobo e con ganas de mellorar cada día, sempre con humildade e sentido común.

Como é a súa relación coa oposición?

Procuro manter unha relación respectuosa e de diálogo. Aínda que parte da oposición decepcionoume moito pola súa actitude de non participar en ningunha actividade organizada polo Concello. As diferenzas son lóxicas, pero creo que a política local debe centrarse no que une: o benestar da veciñanza. Sempre estou disposta a escoitar propostas construtivas, veñan de onde veñan.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
Teño 63 anos e dous fillos
- **Profesión e formación**
Agora mesmo estou xubilada pero dediquei a miña vida ao Ensino
- **E si non fora mestra que lle gustaría ser?**
Gustaríame facer Belas Artes (pintura, escultura, etc.)
- **Que quería ser de maior**
O que fun, mestra
- **Que fai para desconectar?**
Viaxar (aínda que teño pouco tempo), ler, música, o cine, debuxar, ...
- **Unha virtude e un defecto**
Son unha persoa tolerante e o maior defecto a impuntualidade (aínda que agora estou mellorando)
- **Un consello para compartir**
Non son moi de consellos, pero miña avoa sempre dicía “Quien mucho habla, mucho yerra”, hai que ser moderados e prudentes
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
Teño un amplo abano. É difícil elixir un. Libro: *A nena do abrigo de as-tracán* de Xabier P. Docampo (pola parte que lle toca a Rábade). Película: *Matria*. Series: *Rapa* (tamén con acento Rabadense) Música: Escoito música moi diferente segundo o es-

tado de ánimo: María Callas, Bruce Springsteen, De Ninghures, ...

- **Unha afección**
A xardinería e a bricolaxe
- **Un lugar que visitar**
Aquí a Ribeira Sacra e no estranxeiro, Irlanda
- **Unha comida e unha bebida**
Ovos con patacas e chourizo frito e para beber un tinto da Ribeira Sacra
- **Unha personaxe admirada**
Non son moi mitómana, pero si admiro a actitude ante a vida de xente como a miña nai
- **Unha posesión prezada**
Son unha persoa desinteresada e pouco materialista
- **Un desexo**
Que Rábade sexa nun pobo bonito e agradable para estar e vivir.
- **Algo para esquecer**
A vida hai que vivila con unha actitude positiva e as situacións negativas serven para crecer
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A integridade
- **Un desafío pendente**
Que o meu pobo mellore en servizos para aumentar poboación
- **Onde se ve en cinco anos?**
Son de vivir o presente. Paso a paso

“Queremos avanzar en infraestruturas, modernizar servizos, mellorar o acceso á vivenda”

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

O tempo é o sacrificio máis grande. Roubando horas á familia, aos amigos e incluso ao descanso. A política local é moi absorbente e require dedicación constante. Ás veces tamén supón expoñerse á crítica, mesmo cando as decisións se toman con boa intención e responsabilidade.

E beneficios?

O maior beneficio é poder contribuír a mellorar a vida dos veciños/as. Ver como saen adiante proxectos necesarios, recibir o agradecemento directo dun veciño ou ver melloras reais no municipio dá unha gran satisfacción persoal. Ademais, é unha experiencia de aprendizaxe constante e moi enriquecedora.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Non é fácil. Require organización, apoio da familia e saber desconectar cando se pode. Intento reservar

Seguen as acusacións de bloqueo das negociacións en Caldaloba

O Xulgado tivo que intervir para dar á Xunta de Galicia un novo prazo para manifestarse en relación co acordo proposto pola Deputación de Lugo en relación coa propiedade da Torre de Caldaloba.

O pasado 16 de abril -case tres anos despois de que a área de Cultura comprara a parte fundamental da parcela na que se ubica a Torre a un propietario particular- a Xunta de Galicia iniciou unha demanda contra a institución provincial pola propiedade dos terreos.

Co obxectivo de resolver da forma máis rápida posible a situación e priorizar a restauración do ben patrimonial, o 14 de outubro, na audiencia previa ao xuízo, a Deputación de Lugo solicitou a suspensión do procedemento de demanda e o inicio dunha negociación para acadar un acordo.

A proposta de acordo realizada pola Deputación de Lugo pide á Xunta de Galicia que se comprometa a garantir e facer efectiva a protección, conservación, restauración e consolidación da Torre de Caldaloba,

preservando o seu valor histórico e arqueolóxico, e que abone á institución provincial o prezo de adquisición do ben -106.000 euros - así como os gastos de taxación, medición, rexistro e notaría.

A asesoría xurídica da Deputación de Lugo recibiu unha comunicación do Xulgado na que se constata que a Xunta de Galicia “non presentou ningún escrito en relación co acordo presentado pola Deputación de Lugo” e establecía “un novo prazo de para que manifestase ou non a súa conformidade”.

A deputada de Cultura Iria Castro lamentou que “a Xunta de Galicia siga bloqueando a protección de Caldaloba. A sucesión dos feitos demostra que non ten un interese xenuíno na conservación da Torre. Abandonárona durante dúas décadas, desde que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo mercou unha parte, en 2022, dedicáronse a bloquear os proxectos de restauración negando as autorizacións para intervir, en abril pasado sacaron da manga unha demanda xudicial pola propiedade e

agora non responden á proposta de acordo presentada ante o Xulgado”, concluíu.

RESPOSTA DA XUNTA. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, explicou que o Goberno galego non evacuou ningún informe en relación coa Torre de Caldaloba, porque non houbo ningunha comunicación ao respecto debido a un erro na tramitación do xulgado.

Explicou que a notificación xudicial correcta recibíuse polo que, agora si, os servizos xurídicos da Xunta poderán contestar seguindo o procedemento habitual.

Arias rexeita as acusacións sobre supostas dilacións no procedemento, “principalmente porque a esta situación, agora xudicializada, chégase pola actitude e actuacións da propia Deputación de Lugo, que foi quen solicitou o apazamento do proceso xudicial na audiencia previa, onde xa se podía haber chegado a un acordo e dar a razón á Xunta neste procedemento, como parece que agora fai”.

Premiados escolares do CEIP Virxe do Monte no Mes da Ciencia

O secretario xeral da Lingua, Valentín García, entregou os premios aos cinco centros escolares das localidades coruñesas da Coruña e Laxe e das lucenses de Cospeito e Castroverde, que resultaron gañadores do Concurso Galego de Vídeos Científicos 2025. O certame está convocado, ao abeiro do Mes da Ciencia en Galego, pola Institución Galega da Ciencia e conta coa colaboración da Xunta de Galicia co obxectivo de promover entre a rapazada a innovación científica en lingua galega.

Na edición 2025 resultaron gañadores o instituto Menéndez Pidal da Coruña, polo traballo Estróbilo; o colexio de Infantil e Primaria de Laxe, polo vídeo científico Foguete de Cabo; o centro Eusebio da Guarda, da Coruña, por A Relatividade; a escola Virxe do Monte de Cospeito, polo proxecto O efecto invernadoiro e a escola de Castroverde, por Somos materia de estrelas.

A rapazada gañadora, que expuxo no acto os seus traballos, recibiu un premio económico por centro, un lote de libros e un diploma acreditativo como agasallo. Todos os vídeos cos proxectos premiados poden consultarse na páxina web de Igacencia.

A Moexmu publica os carteis da cita prevista para o mes de abril

A comisión organizadora da XLII edición da Mostra Exposición de Muimenta - Moexmu continúa coas súas reunións de traballo.

Paula Francos Anllo volveu realizar o deseño dos carteis da propia feira Moexmu e do Concurso de Gando Frisón, que se celebrarán os días 10, 11 e 12 de abril.

Os carteis desta edición tan especial para todos e todas recollen a gran festa do agro galego, á que toda a xente está convidada.

Como nos últimos, os dous carteis manteñen a mesma liña, coherencia e discurso gráficos para que sexa doado asocialos entre si.

Nun deles, unha muller “forzada” que carga cos elementos do rural: simbolizando o papel esencial da muller no noso campo e no noso rural, e dun xeito máis amplo, transmitindo á mensaxe de que o noso rural está cheo de forza para seguir construíndo o noso futuro. No segundo, unha vaca, proclamada gañadora do concurso de gando, aparece cargando obxectos que, ademais de estar relacionados do premio, resaltan o valor do coidado e a experiencia para



acadalos: a boa alimentación (cereais), a gandería extensiva ao aire libre (sol), ademais do mimo e o agarimo animal (co peite e o secador) son pezas protagonistas do mesmo.

Como toque especial, a gañadora, leva un colgante coa forma do noso país: Galicia, lembrando e recalando que a Moexmu acolle o XXXIV Concurso Autonómico de Gando Frisón de Galicia, xunto ao XL Concurso e Exposición de Gando e a XXX Poxa de Gando Selecto.

Tosar recibe unha das Medallas de Ouro ao Mérito nas Belas Artes

O Consello de Ministros aprobou este martes, a proposta do ministro de Cultura, Ernest Urtasun, a concesión das Medallas de Ouro ao Mérito nas Belas Artes correspondentes ao ano 2025, un recoñecemento que nesta edición distinguirá a 35 personalidades e institucións destacadas do ámbito cultural.



No ámbito do cinema e do teatro recibiron a distinción o actor cospeiteño Luis Tosar, a actriz Emma Vilarasau, a directora e guionista Alauda Ruiz de Azúa e a familia de cómicos Pla-Solina. Tamén foron recoñecidas nas artes escénicas as xestoras culturais e coreógrafas Laura Kumin e Margaret Jova, xunto co coreógrafo Marcos Morau.

Luis Tosar foi recoñecido como un dos intérpretes máis sólidos e versátiles do cinema español. Ao longo da súa carreira, Tosar demostrou unha notable capacidade para transitar por xéneros como o drama, o thriller, a comedia ou o cinema de autor, construíndo unha fil-

mografía marcada por personaxes intensos e complexos. O seu traballo foi recoñecido con numerosos premios, entre eles tres Goya: dous como Mellor Actor Protagonista polos seus papeis en Celda 211 (2010) e Te doy mis ojos (2004), e un como Mellor Actor de Reparto por Los lunes al sol (2003).

No eido da música foron premiadas a cantautora Christina Rosenvinge; o produtor e DJ Óscar Mulero; as cantantes Karina e María del Monte; a cantaora Estrella Morente; o grupo Los Chichos; a Fundación Vozes, polo seu labor músico-social; e o festival Primavera Sound.

EN BREVE



VIOLENCIA DE XÉNERO. No acto de entrega de premios da cuarta edición do Concurso de Imaxes contra a Violencia de Xénero, o primeiro premio, dotado con 120 euros, foi para Icíja Prado Gutiérrez, que recolleu o galardón da man do alcalde de Cospeito, Armando Castosa.



CONCURSO. Fran Fernández Dávila recibiu o primeiro premio do VII Certame de Poesía Torre de Caldaloba, que se consolida como unha cita destacada para a promoción da creación literaria vencellada ao patrimonio histórico, organizado polo Concello de Cospeito, a Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino, en colaboración con Culturalia GZ.

Adxudicada a mellora da rede de saneamento

O Concello de Xermade, por acordo da Xunta de Goberno Local, adxudicou á empresa Cholo SL (CIF B27028810) a execución do contrato de Actuacións para reducir as infiltracións na rede de saneamento municipal do Concello de Xermade, no prezo de 35.855,55 euros máis IVE.

Ao abeiro da resolución do 28 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a execución de actuacións para reducir as infiltracións nas redes de saneamento municipais en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, estas actuacións recibiron unha axuda de 45.000,00 euros.

O prazo de execución dos traballos remata o 30 de marzo.

Estas actuacións están contempladas na Auditoría municipal da rede de saneamento para a detección de infiltracións no concello de Xermade realizada no ano 2024. O obxecto das actuacións propostas é, primeiro, a substitución dun tramo de colector de entrada á EDAR de Roupar, de escasa capacidade e no que se detectaron problemas de infiltracións.

Por outro lado, dentro das medidas recollidas na auditoría, se atopan os traballos de impermeabilización e reparación de pozos de rexistro, por tanto, propónse executar traballos de impermeabilización de pozos de rexistro, nos lugares de Roupar e Xermade, pertencentes aos sectores 01: A Ermida-Calousada (pozos situados augas arriba do colector a substituír) e 04 Xermade, priorizando en función do grado de afección existente e do caudal de infiltración presente.

Pedro Blanco informou na vila sobre as axudas do Miteco

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, animou aos concellos galegos de menos de 5.000 habitantes a acollerse ás novas axudas convocadas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco) para impulsar proxectos innovadores e facer fronte ao despoboamento. Así o trasladou durante a súa visita ao Concello de Xermade, onde, acompañado pola subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, mantivo un encontro institucional co alcalde, Roberto García Pernas, no que informou en detalle das características desta convocatoria e do seu potencial impacto no rural galego.

Pedro Blanco salientou que estas axudas, dotadas cun orzamento total de 52 millóns de euros, máis do dobre que na convocatoria anterior, “son unha oportunidade real para transformar o territorio, apoiar o emprendemento, mellorar servizos e xerar oportunidades nos concellos con maiores dificultades demográficas”. O delegado subliñou que o Goberno de España “mantén unha aposta clara polo rural, con políticas



activas que se traducen en recursos concretos para os concellos e o tecido social e económico”.

As subvencións están dirixidas a financiar proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento en municipios ou núcleos de poboación inferiores a 5.000 habitantes. Contemplan tres modalidades: proxectos promovidos por entidades locais; por entidades sen ánimo de lucro de ámbito supraprovincial; e por pemes, persoas autónomas e entidades da economía social.

Os proxectos poderán estar orientados, entre outros ámbitos, á mellora

de servizos públicos, apoio ao emprendemento rural, cultura e ocio, servizos sociais e de coidados, mobilidade, vivenda, asociacionismo ou á recuperación de zonas afectadas por incendios e outras catástrofes.

As axudas poderán cubrir ata o 90% do custo subvencionable no caso de entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, cun importe máximo de 300.000 euros por proxecto, e ata o 70 % no caso de pemes e persoas autónomas. O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 20 de xaneiro de 2026 e os proxectos seleccionados poderán executarse ata o ano 2028.

Incorporado novo persoal para obras e biblioteca

O Concello vén de formalizar a incorporación de novo persoal funcionario interino ao abeiro do programa Reforzo do Emprego do Plan de Cooperación cos Concellos 2025, financiado pola Deputación de Lugo.

En concreto, incorporáronse catro operarios de edificación e obras públicas, que desenvolverán o seu labor entre o 17 de decembro de 2025 e o 31 de outubro de 2026. Este reforzo de persoal permitirá ao Concello acometer actuacións de rehabilitación, conservación e mellora de infraestruturas e zonas de uso público, contribuíndo a unha mellor prestación dos servizos á veciñanza. O investimento total destinado a estas contratacións ascende a 83.171,05 euros, un importe que será financiado na súa totalidade con fondos provinciais. Desde o goberno local salientan a importancia deste tipo de programas de cooperación, que facilitan aos concellos pequenos e medianos contar con recursos humanos suficientes para dar resposta ás necesidades do día a día e avanzar na mellora do municipio.

BIBLIOTECA. A Biblioteca Municipal contará cun novo horario de atención ao público desde o pasado luns 15, como consecuencia dun cambio na xestión do persoal do servizo. A

modificación ten como obxectivo mellorar a organización e adaptar os tempos de apertura ás necesidades da veciñanza usuaria.

Deste xeito, a biblioteca abrirá os luns e xoves en horario de tarde, de 15.30 a 20.00 horas. Os martes, mércores e venres prestará servizo tanto en horario de mañá, de 11.00 a 14.30 horas, como en horario de tarde, de 15.30 a 20.00 horas.

COMPOSTEIROS. Por outra banda, o Concello continúa coa súa campaña de adquisición de composteiros domésticos, a fin de que toda a veciñanza do municipio poda realizar compostaxe doméstica.

Neste ano 2025 mercáronse 117 composteiros, estimándose que cos mesmos se compostarán 33,3 toneladas ao ano, e o compost producido chegará aos 9,9 toneladas (9.900 kg). O Concello de Xermade conta con 1734 habitantes. A poboación, practicamente a totalidade, reside en vivendas unifamiliares, das que nestes momentos están habitadas unhas 720, dando un ratio de 2,4 habitantes por vivenda.

Por outra banda, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental adquiríronse 13 suxeitacontedores, que contribuirán a evitar os despracen e así aumentar a súa vida útil.



O Carballo de Mede xa é unha árbore senlleira

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, animou aos propietarios de exemplares incluídos no Catálogo galego de árbores e formacións senlleiras a solicitar as axudas que convoca periodicamente a Xunta para acometer actuacións de conservación e mellora que garantan a súa preservación nas mellores condicións.

Nese senso, logo de incidir en que xa está aberto o prazo para solicitar estes apoios, a conselleira explicou que estas axudas contan cun orzamento total de 90.000 euros, dos que 30.000 euros corresponden á liña destinada a concellos e agru-

pacións municipais, e os restantes 60.000 euros teñen como posibles beneficiarios a propietarios particulares.

Durante a súa visita ao Carballo de Mede, Ángeles Vázquez explicou que o importe das achegas poderá cubrir ata o 100 % dos gastos subvencionables realizados ata o 15 de outubro de 2026 cun límite de 8.000 euros no caso das formacións senlleiras e de 4.500 euros cando se trate dunha soa árbore. Poderanse financiar traballos de poda e control da copa, tratamentos fitosanitarios, retirada de elementos prexudiciais ou accións de divulgación e sinalización.

Entregados os premios do Concurso de Decoración de Nadal

O Concello fixo entrega dos premios aos gañadores do V Concurso de Decoración de Nadal.

Na categoría de vivenda, na modalidade de árbore de Nadal, o premio foi para Berta Ares López. Pola súa banda, a categoría de vivenda dedicada a nacemento ou belén quedou deserta ao non rexistrarse participación suficiente. No apartado de decoración xeral interior de vivenda, o galardón recaeu en Fernando González Corral, mentres que o premio á mellor decoración exterior foi para Marisol Corral Martínez.

No ámbito colectivo, o xurado distinguiu á Asociación de Veciños de Cabreiros como gañadora na categoría de establecementos comerciais e locais de asociacións veciñais pola súa decoración xeral.

De acordo co establecido nas bases do concurso, e ao quedar deserta unha das categorías, o xurado decidiu trasladar ese premio a outra das modalidades. Así, o premio inicialmente declarado deserto foi concedido ao negocio Kabelo's, propiedade de María José Novás Ferreiro, en recoñecemento ao seu traballo decorativo durante o Nadal.

DEPUTACIÓN

O PSOE propón a Carmen López como candidata á Presidencia

O Comité Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo decidiu, por aclamación, propoñer á deputada provincial María del Carmen López Moreno como candidata socialista á Presidencia da Deputación trala sesión extraordinaria na que abordou a proposta formulada pola Comisión Xestora do partido.

Así, durante o encontro, o comité validou a proposta en conformidade cos estatutos e cos procedementos internos establecidos polo partido. O acordo adoptado será remitido agora á Comisión Nacional de Listas, que emitirá un informe e trasladará á Comisión Federal de Listas para a súa aprobación definitiva, seguindo as normas internas de elaboración e validación de candidaturas do PSOE. A proposta final será adoptada pola Comisión Executiva Federal e remitida de novo ao PSdeG de Lugo para a súa aplicación de cara ao pleno previsto para o 14 de xaneiro de 2026.

Esta noticia deuse a coñecer oficialmente despois de que o Pazo de San Marcos acollera o pleno extraordinario no que José Tomé oficializou a súa renuncia, tal e como anunciara tras facerse públicas o pasado 10 de decembro as denuncias por presunto acoso sexual. A sesión desenvolveuse sen a asistencia dos deputados do BNG, que si estiveron presentes no pleno ordinario celebrado a continuación.

A saída de Tomé da presidencia non implica o abandono da súa acta, xa que pasou a exercer como deputado non adscrito, mantendo a súa presenza na corporación provincial ata o remate da lexislatura. Segun-



do indicou, continuará votando en coherencia cos grupos socialista e nacionalista.

Na súa intervención, o exmandatario reiterou a súa inocencia e afirmou que aínda descoñece o contido concreto das denuncias, unha situación que describiu como de “indefensión”, ao considerar vulnerada a presunción de inocencia. Recordou tamén que non existe ningunha denuncia nos xulgados, senón unha comunicación interna no seo do partido, que cualificou de falsa. Ademais, anunciou que emprenderá accións legais e insistiu en que está a ser vítima dunha persecución política de ámbito supraprovincial.

Tras agradecer o labor do persoal da Deputación, lamentou que o dano causado “xa non ten marcha atrás”, tanto no plano político como no persoal, familiar e social. “Quen nada fixo, nada ten que temer”, concluíu, asegurando que el non era nin o úni-

co nin o principal obxectivo da situación vivida.

No pleno ordinario posterior aprobouse unha moción do Grupo Provincial Popular, co apoio dun crítico BNG, para reprobar a José Tomé. O seu portavoz, Antonio Ameijide, anunciou que tamén solicitaban a reprobación da deputada socialista Pilar García Porto, á que sinala como encubridora, e apelou ao BNG para que decida “entre o feminismo ou pisar moqueta”.

Tomé non realizou declaracións públicas nin antes nin despois do pleno extraordinario, reaparecendo xa na sesión ordinaria, onde ocupou un escano xunto á bancada socialista, ao carón de García Porto.

A presidencia da Deputación queda en mans do nacionalista Efrén Castro ata o 14 de xaneiro, cando está prevista a elección do novo presidente, na que Carmen López será a candidata socialista.

O Pleno aproba o Plan Deputación, con 22,2 millóns de euros

O Pleno Ordinario da Deputación de Lugo aprobou as bases do Plan Deputación de Lugo de Cooperación cos Concellos 2026, que sobe ata os 22,25 millóns de euros. Esta ferramenta de cooperación económica e técnica entre a Administración provincial e os municipios segue criterios públicos e obxectivos -a poboación, o índice de envellecemento ou a dispersión territorial- e mantén un respecto total á autonomía municipal. O programa de investimentos saíu adiante grazas aos votos a favor do PSdeG, do BNG e do deputado non adscrito, e a abstención do PP.

Este acordo permitirá aos 67 concellos da provincia desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil. A Deputación de Lugo dá así resposta ás situacións e necesidades concretas de cada municipio, reforzando a súa autonomía, xa que é cada un dos diferentes gobernos locais os que deciden en que queren investir estes fondos.

Este é o sexto ano consecutivo que o Executivo provincial saca adiante o Plan Deputación no exercicio anterior ao seu período de vixencia,

o que permite ás entidades locais planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, de forma que poden aproveitar mellor estes recursos. A normativa que regula esta ferramenta de cooperación publícase no Boletín Oficial da Provincia (BOP) o 7 de xaneiro, o que permite aos concellos ter máis tempo para elaborar as memorias e proxectos das obras que queiran presentar con cargo a estes investimentos. Terán un mes, ata o 7 de febreiro, para presentar a documentación.

O PSdeG-PSOE puxo en valor, a importancia de dar continuidade ás políticas progresistas que se están a desenvolver na institución provincial, así como a actuación “contundente, áxil e rápida” do partido ante os últimos acontecementos.

Así o manifestou a deputada socialista Pilar García Porto, que subliñou que o pleno abordou “dous asuntos importantes que se aproban definitivamente para esta provincia”, en referencia ao orzamento da Deputación ás bases do Plan Deputación. García Porto lembrou que o orzamento provincial é “un instrumento económico fundamental non só para a institución, senón tamén para a totalidade dos concellos da provincia”.

Defenden as actuacións para potenciar encoros, o románico e as viaxes

A Deputación potenciou este 2025 os encoros, o románico e as viaxes de proximidade para afianzar o seu modelo de turismo sostible e de calidade. Coñece a túa provincia, Rutas polo románico e Turembales foron os tres programas turísticos destacados na última reunión do ano do Concello Provincial de Turismo que se celebrou este venres no Salón de Actos.

Un total de 135 asociacións sen ánimo de lucro participaron este ano na quinta edición do Coñece a túa provincia, o programa de viaxes gratuito que volveu ser un éxito de participación. Outras case 300 persoas participaron nas visitas a monumentos románicos en 19 concellos entre maio e xuño, no marco do programa Rutas polo románico

da provincia. Ademais este ano a Deputación de Lugo participou no proxecto Turembales, para promover o turismo de presas, e no marco desa iniciativa puxo en marcha o programa Encoro Aventura, de experiencias singulares relacionadas con esas infraestruturas.

A institución tivo presenza nunha decena de feiras turísticas de referencia, como Fitur, Expomar, Fairway ou Xantar. E mantivo accións de patrocinio e axudas destacadas para fortalecer o sector turístico. Ademais, a Deputación continuou apostando por un dos motores de atracción de visitantes da provincia: as rutas fluviais; neste 2025 unhas 57.000 persoas percorreron a Ribeira Sacra a bordo dos catamaráns da institución.

Comeza unha nova edición do programa Coñece a túa provincia

A Xunta de Goberno aprobou as bases dunha nova convocatoria do programa Coñece a túa provincia, a iniciativa impulsada pola Deputación que ofrece viaxes gratuítas a entidades sen ánimo de lucro dos 67 concellos da provincia.

Nesta edición, o programa ofrecerá 3.036 prazas e contará cun orzamento de máis de 200.000 euros, o que supón un investimento de 67,40 euros por persoa que repercute en beneficios para o territorio, ao fomentar o turismo de proximidade e dinamizar a actividade económica. As bases saíran publicadas o 10 de

xaneiro no Boletín Oficial da Provincia (BOP). O prazo de presentación de solicitudes arrincará o 12 de xaneiro, ás 12:00 da mañá e permanecerá aberto ata o 16 de xaneiro. Nesta anualidade, as asociacións poderán solicitar entre 15 e 23 prazas para realizar as excursións, mantendo o mesmo modelo de anos anteriores: visitas guiadas a centros da Deputación e rutas a elixir, con transporte, xantar, guía oficial de turismo, seguro de viaxeiros e entradas incluídas.

Como novidade principal, esta edición priorizaranse as entidades que

non participaron en convocatorias anteriores, garantindo así a oportunidade de acceder ao programa a novos colectivos. As solicitudes deberán presentarse a través da Sede Electrónica da Deputación ou no Rexistro Xeral. As entidades que participen por primeira vez deberán achegar unha copia do NIF da entidade.

O programa mantén a oferta de 44 rutas polos 67 concellos da provincia, ás que se engaden 7 rutas accesibles deseñadas especificamente para colectivos de persoas con discapacidade física.

TERRA CHÁ



O Camiño do Norte fai dez anos de Patrimonio da Humanidade

O Camiño do Norte foi o gran protagonista do acto celebrado en Ribadeo con motivo do décimo aniversario da súa declaración como Patrimonio da Humanidade. O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, participou nesta conmemoración, na que puxo en valor esta vía xacobeá como “un símbolo cultural e espiritual de Europa” e agradeceu tanto ao Concello de Ribadeo como á Federación Española de Asociacións de Amigos do Camiño o seu compromiso continuado coa conservación e promoción da tradición xacobeá. Durante a súa intervención, Merelles subliñou a importancia específica do Camiño do Norte ao seu paso por Ribadeo, ao que definiu como unha porta de entrada histórica a Galicia para xeracións de peregrinos procedentes de distintos puntos de Europa. Un papel que, segundo indicou, segue plenamente vixente, como demostra o crecemento sostido desta ruta, cun total de máis de 21.400 Compostelas recollidas este ano e cun marcado carácter internacional, xa que o 57 % dos camiñantes proceden doutros países.

Destacou tamén a proxección internacional que o Camiño do Norte achega á Mariña Lucense, contribuíndo de maneira directa ao desenvolvemento económico da comarca. Neste contexto, sinalou que ata o mes de outubro a zona recibiu 176.302 turistas, o que supón un incremento do 1,3%, que realizaron 357.889 noites nos establecementos hoteleiros, con 27.841 viaxeiros de orixe internacional.

O GDR prepárase para abrir o prazo de solicitude das axudas Leader 2026

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Terra Chá última a posta en marcha dunha nova convocatoria de axudas Leader, cuxo prazo de presentación de solicitudes se abrirá nas próximas semanas, entre xaneiro e febreiro. A entidade anima a persoas emprendedoras, empresas, autónomos, cooperativas, asociacións e administracións públicas da comarca a preparar os seus proxectos para optar a este programa de apoio ao desenvolvemento rural. Como referencia do impacto destas axudas, o GDR aprobou o ano pasado 20 proxectos correspondentes á convocatoria Leader 2025, tanto públicos como privados, dun total de 26 solicitudes presenta-

das. Estas actuacións suporán un investimento global de preto de 1,13 millóns de euros na Terra Chá e mobilizarán máis de medio millón de euros en achegas directas, destinadas a iniciativas produtivas, proxectos non produtivos privados e actuacións promovidas por entidades públicas. Desde o GDR Terra Chá subliñan que estes investimentos teñen un efecto directo no desenvolvemento económico, social e cultural da comarca, ao fomentar o emprendemento, xerar emprego e mellorar os servizos e equipamentos comunitarios. Para 2026 está prevista unha convocatoria de axudas aínda máis ampla.

Desenvolven Generacambio, a iniciativa de dinamización territorial

Cruz Vermella, en colaboración coa Fundación la Caixa, vén de poñer en marcha Generacambio, un proxecto de dinamización territorial orientado a afrontar o reto demográfico e a frear a despoboación no rural galego. A iniciativa desenvolverase na comarca da Terra Chá e nos concellos limítrofes de Outeiro de Rei e Rábade. Durante os vindeiros anos, Generacambio traballará de maneira colaborativa coas administracións públicas, entidades sociais, empresas e coa propia poboación local para identificar oportunidades reais de emprego e emprendemento no territorio. O proxecto contempla tamén o apoio a persoas desempregadas e a novos poboadores mediante itinerarios personalizados de inserción laboral e programas formativos, que se artellarán a través dunha oficina de acollida creada especificamente para este fin. Outro dos eixos centrais da iniciativa é o impulso e acompañamento de proxectos emprendedores innovadores, cun claro impacto



social e arraigados na realidade da comunidade. Ademais, promoverase a creación da Rede Territorial de Inclusión Generacambio, coa que se pretende abordar de forma integral desafíos estruturais como o acceso á vivenda, a mobilidade ou a dixitalización. GeneraCambio aposta pola innovación como ferramenta para atopar solucións sostibles aos retos locais e por unha visión positiva do envellecemento da poboación, transfor-

mando o que tradicionalmente se percibiu como un problema nunha oportunidade de desenvolvemento. Entre os colectivos prioritarios de inclusión destacan as mulleres e as persoas mozas. O proxecto canalizará o seu traballo colaborativo a través de xornadas, seminarios e outras actividades participativas, co obxectivo de xerar un impacto real no territorio e contribuír á mellora da calidade de vida das persoas que o habitan.

Destacan un mercado en crecemento e a evolución das empresas medianas

A Deputación de Lugo, en colaboración coa Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), presenta Lugo, Informe Anual 2025, unha publicación que recompila os principais indicadores demográficos, laborais, empresariais, turísticos e macroeconómicos da provincia, co obxectivo de ofrecer unha radiografía rigorosa, actualizada e completa da realidade socioeconómica lucense. O informe recolle dúas tendencias especialmente relevantes. Por unha banda, o crecemento das empresas de tamaño medio, tanto das que contan con ata 50 persoas traballadoras como das que se sitúan entre 50 e 250, o que pon de manifesto a capacidade do tecido produtivo provincial para medrar, profesionalizarse e xerar emprego estable. Por outra, no medio rural obsérvase unha progresiva reagrupación das explotacións gandeiras en unidades de maior tamaño, un proceso que reflicte o traballo das novas xeracións de gandeiros e gandeiras, con formación, manexo das novas tecnoloxías e unha clara aposta pola modernización do agro para competir con éxito nos mercados. No ámbito económico e laboral,



Lugo pechou o ano 2024 cunha taxa de paro do 6,99 %, situándose por debaixo das medias galega (8,67 %) e estatal (11,35 %). O número de persoas ocupadas acadou as 139.400, cunha distribución sectorial que reafirma o peso dos servizos (63,2 %), seguidos da agricultura (15,2 %), a industria (15 %) e a construción (6,6 %). A contratación mantívose estable respecto a 2023, con 72.494 contratos rexistrados, dos cales o 34 % foron indefinidos. O avance da contratación indefinida consolídase especialmente nos contratos por circunstancias da produción, que supoñen máis da metade das conversións. A afiliación á Seguridade Social tamén presenta un comportamento positivo. En 2024 rexistráronse

125.319 persoas afiliadas, e o peso do traballo autónomo en Lugo (24,9 %) sitúase claramente por riba do conxunto de Galicia (19,1 %), o que evidencia o marcado carácter emprendedor da provincia e a relevancia das pequenas empresas e das actividades familiares. En materia de pensións, Lugo contabiliza 113.091 prestacións, cunha pensión media de 983,9 euros, un dato que reflicte a estabilidade do sistema e o seu impacto directo sobre o consumo interno. O tecido empresarial lucense está integrado por arredor de 22.600 empresas, das cales o 97 % son microempresas, aínda que o número de sociedades de tamaño medio continúa a medrar. Entre 2022 e 2023, as empresas de 10 a 49 traballadores aumentaron un 4,7 %, mentres que as de 50 a 249 traballadores creceron un 8,4 %,. O sector primario mantén un papel estratéxico na economía provincial, cunha progresiva concentración das explotacións gandeiras en unidades de maior dimensión e rendemento, o que sitúa a Lugo como unha das provincias de referencia na produción láctea.

“As iniciativas ofrecen ferramentas e reforzan a comunidade”

Agromuralla fai 10 anos e conta cunha nova presidenta, Noelia Rodríguez, despois de 4 anos de lexislatura que completou José Luis Pérez Barreiro

Agromuralla naceu dunha situación límite. Corría o 2015 cando o sector lácteo atravesaba unha das súas etapas máis duras. O prezo do leite apenas chegaba aos 28 céntimos, unha cifra que non cubría nin de lonxe uns custos de produción que superaban os 40 céntimos. Era unha ecuación imposible, unha realidade que afofegaba ás explotacións e que empurrou aos gandeiros a tomar as rúas de Lugo. As primeiras mobilizacións deron a volta á Muralla, convocadas polos sindicatos, pero estes, dependentes das subvencións públicas, decidiron dar por rematadas as protestas antes de que se atopase unha solución. Foi nese momento cando un grupo de gandeiros, encabezados por Roberto, decidiu non pararse ata que a Administración escoitase. “Aquel foi un momento histórico, porque nunca se fixera algo así, e estivemos dous meses coa Muralla rodeada de tractores”, lembra o presidente de Agromuralla, que considera aquel episodio como a chispa fundacional da asociación.

O movemento nacía xa cunha idea moi clara: defender os intereses dos gandeiros sen ataduras políticas nin dependencias institucionais. “Os sindicatos levantan a voz cando precisan fondos, pero cando lles chegan as axudas, calan. Nós non funcionamos así”, explica José Luis Pérez Barreiro, que reivindica o carácter apolítico e independente dunha organización sustentada coas cotas dos seus socios. Esa liberdade, di, é a que lles permite manter unha postura firme

me fronte ás administracións.

A realidade do sector cambiou desde aquela. O prezo do leite ascendeu ata os 52 céntimos, practicamente o dobre que hai unha década, unha mellora que, con todo, non elimina certas desigualdades que continúan marcando o día a día das explotacións. Nos últimos contratos asinados, a distancia entre o que perciben as granxas máis grandes e as de menor tamaño chegou a superar os 9 céntimos, unha fenda que a asociación leva anos denunciando. “Non só reclamamos prezos xustos; tratamos de defender calquera cuestión que afecte ao sector”, insiste o presidente de Agromuralla, que pon o foco tamén no impacto das novas normativas europeas, deseñadas desde despachos afastados da realidade rural. “Levámolles tempo dicindo que moitas das medidas que aproban non teñen sentido cando se aplican sobre o terreo”, matiza Pérez Barreiro.

O LABOR DE AGROMURALLA. A actividade da entidade ampliouse durante os últimos catro anos, consolidándose como un referente organizativo e formativo. Dende as súas primeiras etapas impulsaron viaxes a Holanda ou Navarra para coñecer outras formas de traballar e o funcionamento doutras asociacións. Tamén promoveron xornadas sobre cuestións de actualidade, como a enfermidade hemorráxica epizootica ou os cambios na PAC durante o proceso de reforma. Cada iniciativa,

apunta o presidente, “busca ofrecer ferramentas útiles aos profesionais do sector e reforzar unha comunidade que aprende e evoluciona de maneira colectiva”.

Agromuralla tamén está presente nos momentos máis difíciles, especialmente en situacións de emerxencia, como os incendios que devastaron zonas de Cervantes e Ourense. A organización coordinou envíos de forraxe e puxo á disposición dos afectados un número de conta para recadar fondos. “Hai que agradecer aos camioneiros o esforzo, porque moitos fixeron rutas sen cobrar nada”, destaca Pérez Barreiro.

O presidente de Agromuralla explica que a área de actuación da asociación abarca toda a provincia de Lugo, así como partes de Ourense e A Coruña. “Temos algo máis de 400 socios do sector primario e estamos incluso a valorar incluír ao sector do viño, porque canto máis grande es, máis poder de negociación tes fronte á Administración”, sinala. Ademais, a presenza de Agromuralla no Observatorio Lácteo constitúe, segundo Pérez Barreiro, un “importante logro” para garantir que a voz dos gandeiros sexa escoitada.

A situación actual do sector é complexa, mais José Luis Pérez Barreiro mostra unha visión optimista. “Ainda que as políticas que se están a aplicar ultimamente non son as máis adecuadas, eu vexo futuro no sector porque é algo que me gusta”, explica. Pero lembra a situación que afrontan os produtores galegos:



“Está moi ben coidar o medio ambiente, pero terceiros países introducen produtos no noso mercado sen as mesmas garantías sanitarias que nos esixen desde a Agenda 2030, co cal competimos en total desvantaxe. O que se importa de fóra destrúese aquí, porque moitos agricultores pechan as súas explotacións ao non poder cumprir normativas que son case imposibles, sobre todo en equipos sanitarios ou benestar animal”. Ademais, Pérez Barreiro subliña outro problema estrutural: o envellecemento do sector e a dificultade do relevo xeracional. “Non podes asumir que un fillo vai continuar o teu traballo, porque pode non lle gustar, como pasa en todos os sectores, pero aquí, cando pechas unha explotación gandeira, non abre outra, porque non hai beneficio e require moita inversión, é un risco grande. Ademais, tes animais, hai que muxir todos os días, e atopar man de obra tamén é complicado. A xente tamén ten unha mentalidade que fai difícil atopar persoal. Non é un traballo que te esgote, pero tes que ser organizado e tratar ben á xente”. Respecto ás necesidades do sector, Agromuralla mantén unha posición

firme sobre as subvencións. “Preférimos non depender delas. Entendo as axudas en casos extraordinarios, pero se se manteñen no tempo o único que se consegue é desvirtuar o sector. Quero que os nosos produtos teñan un prezo totalmente xusto, de acordo cos custos de produción.”, afirma o presidente de Agromuralla. Ademais, critica a falta de representación das asociacións nos órganos de decisión: “En Galicia o Consello Agrario leva uns vinte anos sen elección, cos tres sindicatos que deciden un pouco as cousas. Nós temos o 10 % dos socios das 5.000 granxas de leite galegas e non temos representación”.

Mirando ao futuro, a asociación mantén a ambición de seguir medrando e fortalecéndose. “Queremos continuar porque cando estás nun proxecto e ves que pouco a pouco vas gañando camiño, sentes que estás na liña correcta. No último ano aumentamos o número de socios e agora o reto é entrar nos foros de debate da Administración onde se decide o noso futuro, para expoñer as cousas dende o punto de vista do produtor, non desde un despacho”, conclúe José Luis Pérez Barreiro.

A CHMS termina traballos en 61 quilómetros de ríos da comarca

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) finalizou os traballos de conservación e mellora de 61 km de leitos en Terrachá, concretamente nos municipios de Vilalba, Cospeito, Castro de Rei, A Pastoriza, Friol, Abadín, Guitiriz, Begonte, Outeiro de Rei e Rábade, concretamente nos ríos Madanela, Támoga, Miño, Parga, Azumara, Anllo, Narla, Ladra, Parga, Labrada, Miño-Negro, Vilaflares, Úbeda, Ladroil, Veiga, Lagoa Fonmiñá e nos regatos De Fábilas, Do Pazo e De Veiga.

Trátase de actuacións programadas co obxectivo de conservar e restaurar a hidromorfloxía natural dos leitos para mellorar a súa resiliencia e adaptación ao cambio climático; consistentes na retirada de árbores,

troncos e ramas tombadas sobre dominio público hidráulico e zona de servidume que provocaban numerosos taponamentos; así mesmo procedeuse á talla, partido, amontoado e retirada de múltiples árbores secas caídos ou en pé presentes no tramo de actuación.

Os traballos incluíron unha actuación distinta ás descritas que se executou no espazo que conforma a Lagoa de Fonmiñá, na Pastoriza, zona emblemática da demarcación, considerado tradicionalmente como o nacemento do río Miño, moi próxima ao Pedregal de Irimia.

Na zona norte da lagoa observábase unha densa cobertura de espadana en expansión, sobre unha zona de sedimentación de finos; ambas

as marxes presentaban abundante vexetación con algúns individuos mortos, enfermos, con estabilidade comprometida ou con ramas rotas. Para preservar esta paraxe única, levaron a cabo actuacións de retirada manual da maior parte da cobertura en superficie da planta acuática Lemna minor (80% aproximadamente), desde a beira e con apoio de embarcación de baixo calado evitando así o piso sobre o leito que puidese prexudicar á poboación de Chara.

Ademais, realizáronse labores de mantemento de canle de drenaxe; en concreto retirouse parte da espadana para mellorar as condicións de drenaxe e renovación de auga na lagoa, utilizando os medios manuais.

Unha campaña de Adega intenta frear o parque eólico das Louseiras

A asociación ecoloxista Adega pon en marcha unha nova campaña de recadación solidaria #TiPodesParalos para recorrer no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) o polígono eólico As Louseiras, proxectado por Greenalia en Pastoriza e Meira. O proxecto contempla a instalación de 3 aeróxeradores de ata 200 metros de altura nunha contorna ambientalmente sensible, con graves impactos sobre a biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio cultural.

En concreto, Adega procura fondos solidarios para afrontar os custos técnicos e xurídicos do recurso de alzada e do recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior

de Xustiza, contra a autorización administrativa previa e de construción deste proxecto eólico, co obxectivo de evitar a implantación.

O parque localízase dentro da Reserva da Biosfera Terras do Miño, na súa zona tampón, e ocupa unha área cualificada polo propio Ministerio para a Transición Ecolóxica como de “sensibilidade ambiental máxima” e de exclusión para a implantación de parques eólicos. Ademais, o polígono sitúase a pouca distancia dunha área proposta pola Xunta para a ampliación da Rede Natura 2000, e tamén a menos de 5 km da Área prioritaria para a conservación da avifauna ameazada da Terra Chá.

A AFIL busca o apoio dos concellos para modificar a moratoria do eucalipto

A Asociación Forestal do Interior de Lugo (AFIL) vén de solicitar formalmente aos 40 alcaldes e alcaldesas dos concellos do interior da provincia que se posicionen publicamente respecto ás propostas que a entidade presentou para modificar a actual moratoria do eucalipto, unha normativa que, segundo denuncia, está a causar un grave prexuízo aos propietarios forestais destes territorios. A través dunha nota remitida ás corporacións municipais, AFIL explica que vén de rexistrar emendas no Parlamento de Galicia no marco do proxecto de Lei de Orzamentos e das medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, centradas especificamente no ámbito forestal. O obxectivo destas propostas é defender os dereitos e intereses dos propietarios e xestores forestais dos tres distritos do interior da provincia de Lugo, apostando por un modelo baseado na sustentabilidade, na protección do territorio e na estabilidade normativa necesaria para garantir o futuro do medio rural.

Desde a asociación consideran que as emendas formuladas son xustas, equilibradas e beneficiosas para a veciñanza dos concellos afectados, xa que responden ás necesidades reais das explotacións forestais, contribúen á loita contra o abandono do monte, favorecen a prevención de incendios e permiten a recuperación de zonas afectadas por enfermidades forestais, como a coñecida Banda Marrón.

Xenocidio, a palabra do ano 2025 da RAG

A votación popular para a escolla da Palabra do Ano da campaña do Portal das Palabras, a web para a difusión do léxico galego promovida pola Real Academia Galega e a Fundación Barrié, concluíu coa elección de xenocidio. O neoloxismo foi creado por Raphaël Lemkin (1901-1959) e constitúe, en palabras do historiador galego Antonio Míguez Macho, un dos conceptos que cambiaron o mundo. O xurista polaco de orixe xudía, que conseguiu escapar da persecución nazi, dedicoulle toda unha vida co propósito de que se recoñecese a súa condición de crime contra a humanidade, e de que como tal se tipificase como un delito de persecución universal.

Xenocidio impúxose con máis de 4 de cada 10 votos emitidos, 2.948 dos case 7.200 rexistrados, adiantándose así a voz finalista vinculada a outro fenómeno de natureza ben distinta: *foliada*, expresión da alegría colectiva que significou a celebración das Letras Galegas das cantareiras.

“A autoorganización é a base para defender o noso futuro”

Brais Álvarez, labrego da Pontenova, asume a nova Secretaría de Acción Sindical do SLG para reforzar a organización fronte á crise do agro

Por Ana Somoza

A elección de Brais Álvarez como responsable da nova Secretaría de Acción Sindical do Sindicato Labrego Galego (SLG) marca un punto de inflexión na estrutura interna da organización. Veciño da Pontenova e labrego en activo, Álvarez sitúase á fronte dun cargo de nova creación que nace, segundo explica, da necesidade de “reforzar a incidencia do sindicato no que propiamente entendemos como acción sindical”, é dicir, no traballo diario, no seguimento constante dos conflitos e na capacidade de resposta ante os problemas que afectan aos distintos sectores do agro galego. O contexto no que se crea esta secretaría non é alleo á realidade que viven as explotacións. Álvarez subliña que o sector atravesa “un momento especialmente complexo”, cunha acumulación de fronteas abertas que van desde a aparición de novas enfermidades, como a peste porcina africana ou a enfermidade nodular, ata debates estruturais como a negociación dunha nova Política Agraria Común ou o impacto de acordos comerciais internacionais como o do Mercosur. Diante desta situación, o sindicato considerou necesario contar cunha área específica encargada de analizar, coordinar e facer seguimento do traballo que xa se viña desenvolvendo neste eido, ao tempo que se alixeira parte da carga que asumía a Secretaría Xeral.

REFORZO INTERNO. A creación desta nova área responde tamén a unha demanda expresada pola propia afiliación durante o congreso e nas asembleas comarcais. Segundo relata Álvarez, unha das preocupacións recorrentes foi a necesidade de “reforzar a organización” para facer fronte ás ameazas que pesan sobre as explotacións agrarias. Nese sentido, a Secretaría de Acción Sindical nace co obxectivo de fortalecer o traballo a nivel comarcal, entendendo que é nesas espazos onde se detectan antes os problemas e onde se poden artellar respostas máis pegadas á realidade. Entre as funcións prioritarias desta nova secretaría está a promoción de accións formativas dirixidas ás persoas labregas, co fin de que “estean informadas, formadas e poidan debater” sobre as cuestións que lles afectan directamente no día a día. Álvarez insiste en que o coñecemento é unha ferramenta clave para a defensa do sector e que, sen información clara e accesible, resulta moito máis difícil facer fronte ás decisións que se toman fóra do territorio. Outro



dos eixos centrais do seu labor será mellorar a transmisión das decisións que chegan desde instancias afastadas, como Bruxelas. O novo responsable de Acción Sindical considera fundamental explicar non só que se decide, senón tamén “como nos afecta iso realmente ás granxas”. Ao mesmo tempo, aposta por reforzar o tecido organizativo nas comarcas, fomentando grupos activos e vivos que se apoién mutuamente e que faciliten a incorporación de nova xente ao sindicato, aproveitando a experiencia das persoas máis veteranas.

CIFRAS PREOCUPANTES. Este reforzo organizativo adquire unha importancia especial nun contexto marcado pola perda constante de explotacións. Álvarez lembra que no pasado mes de outubro se produciu un feito histórico en Galicia: por primeira vez baixouse das 5.000 granxas que entregan leite. No sector cárnico, explica, quedan arredor de 16.000 explotacións, unhas 1.500 menos que hai apenas catro anos. Son datos que, ao seu xuízo, amosan con claridade que a desaparición de granxas non é unha hipótese futura, senón unha realidade presente. O obxectivo último da nova secretaría é, precisamente, “defender o maior número posible de granxas no territorio” e contribuír a garantir o futuro do sector agrario no país. Para iso, Álvarez considera imprescindible fortalecer a organización desde a base e construír unha rede sólida que permita responder de maneira coordinada aos problemas comúns. A nivel persoal, o labrego da Pontenova afronta esta responsabilidade cun marcado sentido do compromi-

so. Recoñece que asumir un cargo destas características implica “unha dedicación constante” e unha carga de traballo importante, pero asegura sentirse especialmente motivado porque moitos dos problemas que se analizan a nivel sindical “véxoos cada día na miña propia granxa”. Esa experiencia directa fai que entenda este reto como algo “profundamente colectivo”, no que se mesturan a vivencia persoal e a defensa dun modelo común.

“As persoas labregas non somos escoitadas como interlocutor válido”

POUCA ESCOITA. No seu diagnóstico da situación, Álvarez é claro ao valorar a relación coas administracións. Considera que, en xeral, “escoitan pouco ás persoas labregas” e subliña que isto acontece a todos os niveis: europeo, estatal e autonómico. Ao seu xuízo, o sector agrario non adoita ser considerado un interlocutor válido á hora de deseñar políticas que o afectan directamente, malia seren as persoas labregas quen sofren no día a día as consecuencias desas decisións. Esa falta de escoita é, precisamente, unha das razóns polas que a nova Secretaría de Acción Sindical pon o foco na interlocución externa. Álvarez defende a necesidade de facer máis presión, de estar presentes nos espazos de decisión e de conseguir que o sector sexa “escoitado, respectado e tido en conta” como

un axente imprescindible na definición do seu propio futuro.

ACCIÓN CARA FÓRA. O carácter externo desta secretaría materialízase na vontade de trasladar á sociedade as problemáticas reais do agro. Álvarez recoñece que non sempre é doado facerse oír nun contexto de sobreinformación, no que moitas mensaxes se perden, tamén no plano comunicativo. Por iso, aposta por reforzar a organización comarcal e por estar presentes nos distintos territorios, chegando tamén a persoas labregas que non forman parte do SLG, pero que poden identificarse co seu discurso. Outro dos piares desta estratexia será a planificación de campañas en función da axenda política. Ante anuncios relevantes, como os relacionados co acordo do Mercosur, o sindicato quere anticiparse, preparar respostas claras e explicar non só o contido dos anuncios, senón tamén “as consecuencias reais que teñen para o campo galego”. Trátase, segundo explica, de sacar cara ao exterior debates que moitas veces quedan restrinxidos ao ámbito interno.

AUTOORGANIZACIÓN. A organización comarcal e a autoorganización aparecen como conceptos clave no discurso de Álvarez. Defende a necesidade de contar con espazos propios nos que sexan as propias persoas labregas as que analicen a realidade que viven, debatan prioridades e decidan que reivindicacións trasladar ás administracións. Para el, ese proceso colectivo é “a base dunha organización forte” e vai ligado á independencia política do sindicato, entendida como a capacidade de decidir con criterios propios. Especialmente crítico é o seu diagnóstico sobre as políticas públicas de relevo xeracional. As cifras, asegura, amosan que o número de incorporacións non compensa as saídas do sector, unha realidade que se arrastra desde hai décadas e que agora se manifesta con especial crudeza. Álvarez sinala que o modelo actual está cheo de trabas burocráticas e favorece a concentración, dificultando a incorporación de xente nova, de persoas que queren volver ao rural ou mesmo de persoas inmigrantes que levan anos traballando no sector.

MIRADA AO FUTURO. A medio prazo, Álvarez di que lle gustaría ver un rural galego no que o número de granxas deixe de diminuír e no que se consiga frear a perda continua de poboación. Recoñece que en moitas comarcas custa ver o futuro, pero insiste na necesidade de traballar para construír un medio rural con perspectivas. Nese camiño, considera que o Sindicato Labrego Galego ten un papel fundamental como espazo de apoio, acompañamento e defensa colectiva, e como ferramenta para seguir defendendo un modelo de produción vinculado ao territorio e ao futuro do país.

COLABORACIÓNS

O poeta Antonio Vázquez Tierra

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Antes que nada quixera dar as grazas ás amigas e amigos que todos os meses leen este xornal e ós meus artigos; a todos os anunciantes e a todas as persoas que o fan posible, os meus mellores desexos dun ventureiro anovado que enceto con un artigo sobre Antonio Vázquez Tierra, un poeta galego que se criou en Euskadi, pero que nunca esqueceu a nosa Galiza, da que procedían seus pais. Presentoume o compañeiro Anxo Deive, nacido en Barakaldo, pero descendente dunha chairega guiricense e dun arangués, alá polo mes decembro de 1985, cando a Asociación Cultural Rosalía Castro de Barakaldo lembraba o centenario da morte de Rosalía co primeiro número da revista "Esmorga" e facíamos unha homenaxe a Gabriel Aresti, polo décimo cabodano do seu pasamento na Casa de Cultura de Barakaldo, para o que contamos coa súa viúva, Meli, con Manuel María, amigo de Gabriel, e co profesor Karmelo Landa, autor dunha cátedra sobre o gran poeta vasco, gran amigo dos galegos.

Antonio Vázquez Tierra naceu en Ditziz, Monforte de Lemos, no 1960, pero sendo neno seus pais emigraron a Sestao, Estudou bacharelato en Urduña e diplomouse en maxisterio de

lingua española e idiomas modernos. En xaneiro de 1986 afiliouse á Asociación Cultural Rosalía Castro e en abril de 1990 foi nomeado presidente dela. O seu caso persoal é o de moitos poetas e escritores, que obrigados a seguir os camiños da emigración escribiron a súa obra con uns condicionantes desfavorables, que diría Manuel María.

Acadou un terceiro premio de poesía en galego no concurso "El Imán" do Concello de Vigo e foi colaborador habitual na revista de creación poética "Xistral" do Concello de Lucense, na revista "Esmorga" da Asociación Cultural Rosalía Castro e das revistas do Centro Galego de Barakaldo e da Casa de Galicia de Santurtzi.

No ano 1995, publicou na colección "Nimbos de Poesía" desa Asociación o poemario "O fume das cinsas", con debuxos de Milo Mosteiro e limiar do seu amigo Manuel María, onde lle da as grazas polos seus versos e afirma que: "En O fume das cinsas cómpre sinalar o seu fondo panteísta, Contén poemas nos que o sentimento da paisaxe está patente dun xeito delicado e sutil..." e sigue: "En primeiro lugar atoparemos neles o amor a dúas patrias: a galega e a vasca. E comprenderémolas mellor. Unicamente o amor e a beleza nos poden abrir os camiños totais da comprensión. Ademais axudarannos a descubrílos a nós mesmos. Obrigáranos a abrir os ollos cara adentro para ollar a propia escuridade. Ao mellor desa ollada



pode agromar a luz. Quen sabe!"

Quixo o autor que tamén eu escribira unhas verbas que titulei "Cantigas de amor e intimidade", no que entre outras cousas dixeran: "Este seu primeiro libro de poesías é un canto ao amor e a intimidade. En O fume das cinsas, Antonio Vázquez Tierra expresa o seu medo á morte, ó inverno, ó frío, á soledade, á enfermidade e ó descoñecido, pero é tamén, por iso mesmo, un canto á vida e á ledicia dos demais, aínda que para elo teña que sufrir, dando un exemplo sobranceiro de solidariedade: ...e, a corazón aberto busquei/ a man amiga, a muller amada,/ a causa compartida.

Catro anos máis tarde, en 1999 publica, tamén na colección Nimbos de poesía, "Inventario esquecido da existencia" con debuxos de Milo Mosteiro e con prólogo do profesor Xosé Estévez, quen di: "O poeta olla ó redor compracido de saberse cheo dunha mirada luminosa, inxel, que non mudou a viaxe do tempo..."

No ano 2000 solicita o traslado para o Sergas, vivindo en Melide e traballar na vella Residencia Sanitaria de Lugo, pero en 2006 volve para Bilbao.

Estando xa en Euskadi,, en marzo de 2019 publica "Rente ó mar" na editorial Medulia. Neste libro, a falta prólogo ou limiar, nunha fermosa "Nota do autor" afirma: "Os textos deste libríño son froito dunha viaxe a Andalucía, concretamente a Almuñecar, (Granada). Os poemas foron xurdindo como dunha fonte montesía, espontaneamente, desas que dan auga ao enxoi-to Rio Verde, que chega ó mar pretiño de onde nos albergábase. E así xurdiron en seis días... Aí quedan para unhas poucas persoas e como mostra de cariño e efecto a alguén que vive moi lonxe de nós e, aínda sendo feliz, nos bota a todos moito en falta."

O derradeiro libro que deu ó prelo é "A desolación queima", dividido en tres partes ou capítulos e publicado tamén pola editorial Medulia da Coruña, en agosto de 2023, festas parroquiais de Monforte de Lemos e 40 aniversario das inundacións na Aste Nagusia de Bilbao, que deixaron mais de 30 mortos e numerosos danos materiais.


Antonio Vázquez Tierra agasállanos nestes libros con un montón de poemas, uns mais longos e outros aos que lles cerna todo ornamento superfluo ata deixalos cortantes como o gume dun machado: BRASA e brisa/ na praia do lecer, como facía o gran Uxío Novoneyra, ou estes versos contraditorios, non lonxe de Santa Tereixa de Xesus: Lecer novo de estar contigo/ sen deixar de estar connigo.

O RECUNCHO DE CANELINA



As cifras ditan sentenza

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Nin máis nin menos. Na provincia de Lugo, sobre todo certas bisbarras, como a Terra Chá, o sector primario sempre tivo unha importancia capital. Resulta obvio que, agás en certas zonas moi localizadas, a industrialización do territorio que nos ocupa foi máis ben escasa, ousaríamos dicir que case residual. Xa sabemos de sobra a principal consecuencia desta situación, a emigración masiva cara outros territorios, máis ou menos afastados, buscando unha prosperidade que a Terriña non ofrecía, polo xeral. E segundo o campo galego foi

dando pasos cara a modernidade e a mecanización, xa non se precisaba de tanta man de obra, polo que a ecuación resultou evidente. Nesta mesma columna temos esbardallado -permitanme a expresión- en numerosas ocasións sobre esta realidade. A evolución lóxica nas sociedades modernas é que cada vez a agricultura e gandería ocupen menos poboación activa. Efectivamente, puidemos comprobar como aquelas explotacións familiares do pasado, pouco máis que de subsistencia e autoconsumo, foron desaparecendo na medida que os seus titulares chegaban á idade de xubilación ou morrían, sen producirse un relevo xeracional nas mesmas. Polo contra, observamos o contrario, a mellora exponencial nas granxas, co aumento considerable do

número de animais ata o punto de catalogalas como empresas; realmente, sempre o foran, pero maiormente con pírrico rendemento.

Unha evidencia, que aínda así non podemos deixar de subliñar, é que se non existe beneficio, calquera negocio tarde ou cedo desaparecerá. E existen outras alternativas ó duro traballo no campo, con diferente estilo de vida, que non ten por que ser mellor, pero que a xente ten dereito a cambiar e probar. Os números cantan e non deixan marxe á dúbida. Centrándonos na última década, a porcentaxe de granxas de vacas reduciuse un 40 %, baixando tamén a cantidade de gando, aínda que minimamente. Polo tanto, soamente resisten aquelas co suficiente músculo para que sexan viables en termos económicos, onde

se produciu un forte investimento na construción de naves e compra de maquinaria, así como unha recoñecida profesionalización dos gandeiros, onde acreditan maior preparación. Por outra banda, tamén cabe resaltar que tal e como os datos oficiais nos sinalan, as explotacións dedicadas á produción de carne triplican ás de leite. Quizais na dedicación que requiren as primeiras, moito menos intensa cás segundas, estea a clave, sendo máis doadas de atender, polo que incluso se poden contemplar como opción para unha segunda actividade. O tema dos prezos e a oscilación dos mesmos, que trae inestabilidade e in-

certeza, tocará noutra ocasión. En definitiva e volvendo ós datos obxecto de valoración, a evolución nos últimos dez anos marcan unha clara tendencia á concentración de explotacións de gando vacún, cada vez menos e cada vez máis grandes, constatando tamén a notoria presenza de empregados chegados doutras latitudes, ante a falta de man de obra local. Ogallá poidamos dentro dunha década analizar a situación do campo galego, especialmente o lucense e o chairego. Compararemos as cifras de hoxe coas de mañá, e abofé que ditarán sentenza, para ben e para mal.

DEPORTES

EN BREVE



CICLISMO. O Club Ciclista Terra Chá celebrou a súa habitual saída de fin de ano. A actividade serviu para render unha homenaxe especial a Miguel García Folgueira, compañeiro do club falecido nun accidente de tráfico en Xermade mentres practicaba o que máis lle apaixonaba: o ciclismo.



TENIS DE MESA. Celebrouse na Nave do Senpa o II Torneo de Tenis de Mesa Concello de Guitiriz. No cadro Open A, o primeiro posto foi para Alejandro Martínez, mentres que Javier Canzobre acadou a segunda posición. Pola súa banda, no Open B, a vitoria foi para Lucas Engroba, seguido de Lucas Latas.



ATLETISMO. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, felicitou ao atleta rabadense Javier Vázquez, coñecido como Javo Orejas, por conseguir “o fito histórico” de completar as sete maratóns máis prestixiosas do mundo, que configuran a World Marathon Majors. O deportista completou en agosto a maratón de Sidney, incorporada este mesmo ano a elite dos Majors.



LOITA. O Club de Loita Olímpica Vilalba participou no tradicional Torneo de Nadal de San Blas, celebrado en Madrid. Ata a capital desprazouse o vilalbés Kevin Cuba, que competiu xunto aos loitadores de Lugo Bruno Pintos e Marco Rodríguez. A actuación do representante chairego saldouse cun gran resultado, ao proclamarse campión na categoría absoluta de menos de 97 quilos, subindo ao máis alto do podio e pechando a tempada cun ouro.

O Castro FSF cóase por terceiro ano na fase final da Copa da Raíña

O Castro FSF Bloques Cando selou a súa clasificación para a fase final da Copa da Raíña de fútbol sala feminino por terceira tempada consecutiva, tras superar por 1-2 ao Guadalacín na súa pista, en Cádiz, no encontro correspondente aos oitavos de final, unha eliminatoria resolta a partido único disputado este mércores.

O conxunto dirixido por Julio Delgado abriu o marcador nos instantes finais da primeira metade cun gol de Patri Ortega, aproveitando un bo momento das chairegas. Porén, antes de chegar ao descanso, o equipo andaluz conseguiu restablecer a igualdade cun tanto de Gleice Serpa. Na segunda parte, o Castro Bloques Cando recuperou a vantaxe grazas a Dani Sousa, autora do gol que acabou sendo decisivo para o desenlace do encontro e que confirmou o pase do equipo lucense á seguinte rolda da competición.

Con esta son dúas as eliminatorias que disputou o equipo chairego para coarse nos cuartos de final, xa que na primeira xa non estivo e entrou directamente á segunda, celebrada a finais de setembro. Neste duelo



derrotou ao Hospitalet por un avultado 0-9 a domicilio. Nesta ocasión a vitoria, tamén a domicilio, foi máis difícil pero coloca ao equipo da provincia entre os mellores unha vez máis.

A fase final disputarase a ponte do 1 de maio en tres xornadas sucesivas, de cuartos, semifinais e final.

FICHAXE. O FSF Castro Cando anunciou a incorporación da nova xogadora brasileira María Clara Soares Rodrigues, un reforzo de calidade co que o conxunto chairego busca dar un salto competitivo nesta segunda parte da tempada. Con só 22 anos, María Clara é unha

futbolista polivalente zurda que pode actuar tanto como á como no posto de pivote, destacando pola súa rapidez, fortaleza física e capacidade ofensiva. Segundo destacou o propio club no comunicado feito público, trátase dunha xogadora “con gran visión de xogo, bo disparo e unha marcada intensidade defensiva, cualidades que encaixan á perfección no estilo do equipo”. A chegada da xogadora brasileira prodúcese nun momento esixente para o club, que pretende manter o alto nivel mostrado na pasada tempada na Copa, cando quedou ás portas da final tras caer na quenda de penaltis ante o Melilla.

A Copa Deputación conta cos primeiros finalistas en todas as categorías

Con moito frío deu comezo na provincia unha das programacións deportivas máis esperadas, a celebración da Copa Deputación para o fútbol afeccionado. A primeira fin de semana de xaneiro tivo lugar a primeira cita, a ronda previa, que ofreceu os primeiros clasificados. Así, na categoría de Preferente e Primeira, a vitoria foi para Oural, Pol e Taboada co marcador a favor no minuto 90 e para o Guntín logo dos penaltis ante o Iberia. Con antelación xa se coñecía o pase do Burela e queda por saber esta tarde o resultado entre o Castro e o Xove Lago. Nas categorías de Segunda e Terceira houbo 20 partidos, completando o calendario, e as vitorias avultadas foron para Xermade (1-6 ao Celeiro), Casás (1-4 ao Rioaveso), Becerreá (0-6 ao Relámpago), Riotorto (0-4 ante o Cazás) e O Corgo (0-4 ante o Incio). Con marcadores

máis axustados lograron a clasificación Paradela, Muimenta, Folgueiro, Guitiriz, Pastoricense, Lemos B, Quiroga, San Lázaro, Castroverde e Taboada B. Tiveron que ir a penaltis para lograr o pase Goiriz, Matela, Friol, Palas e Antas. Na feminina, o único duelo previsto, entre Comercial e San Lázaro, foi suspendido. Nas roldas previas do fútbol base, clasificaron os Milgrosa e O San Roque, este último con goleada, na xuvenil. Na cadete, son máis os clasificados para a seguinte rolda, Burela B, Viveiro C, Vilalbés B, Viveiro, Ceosport, Residencia B, Corgo, Burela, Foz, Sarriana, Castro, Milagrosa, Ribadeo e Becerreá. Na infantil as vitorias foron para Sagrado Corazón, Burela, Milagrosa B, Lourenzá e Vilalbés, mentres quedou pendente ata o 23 deste mes o duelo Lourenzá B-Monterroso.

Rábade convoca o XXIII Memorial de Atletismo Eduardo Fernández Villamarín

Rábade organiza para o sábado 24 de xaneiro o XXIII Memorial de atletismo Eduardo Fernández Villamarín, ‘Negrín’, con saída pola tarde da Praza de España. Eduardo Fernández Villamarín, Negrín, foi un dos fundadores da Sociedade Atlética Rabadense e gran impulsor do deporte. Ás 16:30 horas farase a saída dos primeiros rapaces, que estarán divididos en varias categorías, e ás 17:00 horas dará comezo a carreira absoluta que percorrerá 6,8 km e discurrirá dando dúas voltas a un circuíto urbano. A clasificación será absoluta masculina, absoluta feminina e por categorías. A recollida de dorsais farase a partir das 15:30 horas. Os tres primeiros clasificados de cada categoría terán premio e ademais, haberá un trofeo, denominado tamén Eduardo Fernández Villamarín, que se entregará ao equipo que conte con máis participantes que rematen a carreira, así como distincións para o primeiro e primeira corredores rabadenses clasificados na proba absoluta.



Os irmáns Pousada gañan a San Silvestre vilalbesa

Os irmáns Marco e Jarno Pousada Troitino foron os grandes protagonistas da San Silvestre vilalbesa ao dominar con claridade a proba absoluta masculina, celebrada polas rúas céntricas da capital chairega nun ambiente festivo e con ampla participación. Marco Pousada proclamouse vencedor tras completar os 5,1 quilómetros do percorrido cun tempo de 16.09 minutos, mentres que Jarno entrou en meta apenas un segundo despois, logo de realizar practicamente toda a carreira xuntos e destacados do resto do pelotón desde os primeiros compases. O terceiro posto foi para Esteban Díaz, que cruzou a liña de chegada cun rexistro de 16.58, xa a unha distancia considerable dos dous primeiros clasificados. A continuación

situáronse Jaime Rodríguez, cun tempo de 17.17, e o mozo Pedro Moirón, de tan só 14 anos, que asinou un destacable 17.33. Tamén salientou a participación de Lourenzá Cervo, atleta do club Maderas Barcia, que chegou á cita tras competir durante toda a fin de semana en Expourense nun control de marcas de probas combinadas. Na feminina, a vitoria foi para Miriam Folguevoiro, que se impuxo cun tempo de 20.42 minutos, converténdose na gañadora na Praza da Constitución. O segundo posto foi para Nía Franco, con 21.01, mentres que Uxía Fernández completou o podio cun rexistro de 21.15. En cuarta posición entrou Lorena Iglesias, con 21.29, e como primeira atleta júnior cruzou a meta Antía Yáñez, cun tempo de 22.35.



O Trail das Bestas de Muras foi distinguido como o mellor de Galicia

O Trail das Bestas de Muras foi distinguido como mellor trail de Galicia na Gala Anual de Trail Running da Federación Galega de Atletismo, celebrada o xoves 8 de xaneiro no Teatro Principal de Ourense. Este recoñecemento consolida a proba como unha das citas deportivas máis destacadas do calendario galego de montaña. O galardón pon en valor o traballo colectivo que fai posible o evento ano tras ano, desde a organización ata a participación dos atletas, así como a implicación das empresas, patrocinadores, persoas colaboradoras e da veciñanza do concello, cuxo apoio resulta fundamental para o éxito da carreira. O premio foi recollido polo alcalde de Muras, Manuel Requeijo, quen destacou que este recoñecemento pertence a todas as persoas que contribúen a que o Trail das Bestas sexa unha realidade e un referente no trail running galego. A distinción supón un novo impulso para seguir apostando polo deporte, pola promoción do territorio e pola organización de eventos de calidade no medio rural.

Troitas Bravas conquista Friol no Aberto do Narla

A Liga Nacional de Billarda sumou un novo territorio ao seu percorrido coa celebración da cuarta xornada da tempada en Friol, onde tivo lugar o I Aberto do Narla. A cita, organizada polo equipo Rachaventos, contou cunha destacada participación. A mañá estivo marcada polas baixas temperaturas e pola néboa, mais iso non impediu que 63 palanadores tomasen parte na competición, entre eles 44 homes, 16 mulleres e 3 cativos. No plano deportivo, a figura da xornada foi Muriego, dos Bulls, que se impuxo con autoridade nun torneo no que demostrou a súa mestría coa billarda. O segundo posto foi para Juanki, do equipo Troitas Bravas, que conseguiu o seu segundo varado da tempada, mentres que o terceiro lugar se decidiu nun disputado desempate no que Sachas, tamén dos Troitas Bravas, logrou subir ao podio por diante de Manu Caldeiro, David Navarro e Antom. Na categoría feminina, Cris e Vanesa, do Castiñeiro Milenario, ocuparon o primeiro e o terceiro posto respectivamente, mentres que Aroa, de Billardeiros Musicais, acadou a segunda posición. En infantís, Mateo, coñecido como Troitiña, segue intratable esta tempada, por diante de Iria e Andrea. Troitas Bravas superou a Billardeiros Musicais e á Madia Lava na clasificación xeral.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN	
Concello:	982 50 80 21
Garda Civil:	982 50 80 11
Centro de Saúde:	982 50 81 22
A PASTORIZA	
Concello:	982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil:	982 34 90 20
Centro de Saúde:	982 33 21 41
AS PONTES	
Concello:	981 45 31 16
Policia Local:	981 45 31 91
Garda Civil:	981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa):	981 45 12 51
BEGONTE	
Concello:	982 39 61 43
Garda Civil:	982 39 80 08
Centro de Saúde:	982 39 69 02
CASTRO DE REI	
Concello:	982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil:	982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa):	982 21 10 18
Castro de Rei:	982 31 42 11
Ribeiras de Lea:	982 31 11 14

COSEPITO	
Concello:	982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil:	982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa):	982 52 01 20
Feira do Monte:	982 50 34 69
Consultorio de Muimenta:	982 50 40 57
FRIOL	
Concello:	982 37 50 01
Garda Civil:	982 37 50 02
Centro de Saúde:	982 37 10 98
Cita Previa	982 37 10 05
GUITIRIZ	
Concello:	982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil:	982 37 00 01
Centro de Saúde:	982 37 21 10
Parga P.A.C.:	982 37 05 00

MEIRA	
Concello:	982 33 01 02
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 35 69 27
Cita previa:	982 33 02 40
MURAS	
Concello:	982 50 00 01
Garda Civil:	982 50 00 20
Centro de Saúde:	982 50 01 23
OUTEIRO DE REI	
Concello:	982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil:	982 39 00 05
Ambulancia:	982 23 16 13
Centro de Saúde:	982 39 25 98
Cita previa:	982 39 32 67
P.A.C.:	982 39 34 00

POL	
Concello:	982 34 50 29
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 34 59 20 / 982 34 53 76
RÁBADA	
Concello:	982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil:	982 39 00 05
Centro de Saúde:	982 39 01 01
RIORTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63
VILALBA	
Concello:	982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policia Local:	982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil:	982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa):	982 51 03 11
XERMADE	
Concello:	982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil:	982 50 10 08
Centro de Saúde:	982 50 11 34 / 982 50 10 55
+ Teléfonos: www.terrachaxa.com	

**TELÉFONOS DE INTERESE**

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



DE RUTA EN RUTA

Navia de Suarna: Ruta do Val do Rao

Trátase dun percorrido dun total de 24 quilómetros que ten o inicio e o final no lugar de Río de Pé, onde conflúen dous ríos

C alquera momento é bo para achegarse ás terras de Navia, pero sen dúbida máis, cando as condicións meteorolóxicas aínda permiten un tempo apracible e a vila vive o seu momento de máis actividade.

A ruta do Val do Rao dá comezo a 6 quilómetros de Navia de Suarna, no lugar de Río de Pé, un espazo onde conflúen os ríos Navia e Rao. Esta ruta está denominada como PR-G-56 cunha sinalización en branco e amarelo o longo de todo o percorrido.

Cun total de 24 quilómetros e unha estimación de 9 horas de duración esta é unha ruta de nivel medio na que atoparemos un desnivel total de 500 metros pero na que haberá varias pendentes pronunciadas ó longo de todo o traxecto.

Na confluencia dos dous ríos comeza este primeiro tramo no que percorrерemos un vello camiño que antigamente unía as aldeas, a primeira que atopamos é Envernallas, que actualmente está despoboadada. O longo de

toda a ruta serán varias as aldeas que atoparemos abandonadas e nas que poderemos desfrutar das antigas construcións do Val do Navia, como as vivendas, pallizas ou os hórreos.

O seguinte tramo do camiño introdúcenos un pouco máis no val e atoparemos diferentes elementos etnográficos coma as alvarizas que son construcións circulares de pedra que protexían as colmeas da entrada do oso ou as ouriceiras, pequenas construcións dos soutos para que os ourizos madurasen a salvo do xabará.

A Cernada, Prebellos, Aigas, Trasserra, Becerral, Trabadelo ou Laxo son outras das diferentes aldeas que nos iremos atopando ó longo de todo o traxecto desta ruta. Dende algunhas delas podemos observar os diversos cumios da serra, outras están valeiras ou so acollen habitantes en momentos concreto do ano e noutras poderémonos deter a conversar cos seus veciños.

A ruta, de carácter circular, remata no mesmo punto que dá comezo. As posibilidades que ofrece esta ruta, de grandes desniveis ao longo dos 24 quilómetros, son múltiples para coñecer a riqueza natural, histórica e patrimonial desta zona da provincia de Lugo. Poderemos desfrutar dunha paisaxe moi variada dende partes máis altas das montañas a zonas baixas onde camiñaremos entre bosques de castiñeiros acompañados da tranquilidade e o silencio da contorna que nos sorprenderá pola súa singular beleza.



DATOS



9 horas min.



24 km.



Dificultade media-alta



GRUPO FORMAT

formación integral de empresas

PREPARATE HOY ! TRABAJA SEGURO, PRÓTEGETE, CERTIFICATE

ACADEMIA grupo FORMA-T
Rúa do Acivro 59 Vilalba - Lugo
982513605 info@grupoforma-t.es

CENTRO DE ENTRENAMIENTO DE MOTOSERRISTAS

CENTRO DE CAPACITACIÓN A MOTOSERRISTAS

CURSOS DE USO SEGURO DE MOTOSIERRA

Aprenda de forma PRÁCTICA Y PROFESIONAL el manejo correcto de la motosierra con instructores especializados



